






**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2025/32	 GOB19I009E	
5952 164N 6S3R 0K0B 16EX		
		

## ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

### SRES/AS ASISTENTES:

#### SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

#### SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN  
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA  
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO  
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN  
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR  
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA  
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 19:02 do vinte e sete de marzo de dos mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, DªMARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario D/DªALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

ULLA ROCHA, JORGE  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -  
DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**  
D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

**SR. SECRETARIO XERAL:**  
D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-  
CANTELI

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno por unanimidade, deulle a súa aprobación.

**2 º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE VÍA DE NOVA APERTURA NA ENTIDADE SINGULAR DE NARÓN E "PARQUE DOS AVÓS".**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a obrigatoriedade que establece o artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, no sentido de que as entidades locais na súa labor de formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón Municipal, deben velar para que os datos obrantes no devandito rexistro concorden coa realidade o máximo posible.

artigo 4 da Ordenanza de rotulación de vías urbanas, diseminadas e numeración de edificios do Concello de Narón (BOP, num.: 165, do 31/08/2022) permite que o procedemento para o nomeamento dunha vía pública se efectúe tanto de oficio como a instancia de persoa interesada.

O parque situado entre as rúas: Virxe da O; Virxe do Carmen e Mariña Española carece de nome, dificultando a súa localización. Neste sentido, persoas interesadas residentes nesa zona manifestaron o seu interese para que se lle asignase un nome ao parque no trameiro oficial municipal, propoñendo ademais diversos nomes.

Visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-03-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do acordo seguinte:

**PRIMEIRO.-** Nomear como **PARQUE DOS AVÓS (Código Vial INE: 3207)** o parque que ocupa a Zona Verde e as parcelas catastrais de titularidade municipal: 4565016NJ6146S0001BK e 4565031NJ6146S0001OK:

DATOS COS QUE CONSTARÁ NO INE	
DISTRITO 4, SECCIÓN 20	
CÓD. VIAL	3207
TIPO DE VÍA	PQUE
NOME DE VIA	AVOS (DOS)
TRAMOS	
PARES	

2-9998	NARON
IMPARES	
1-9999	NARON

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 º.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA SOBRE PROLONGACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO NAR2032 SITO NA TRAVESÍA DAS COBAS-CORNIDO.**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposto emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

**A) ANTECEDENTES**

-Solicitude presentada por D. Diego Portela Bermúdez de prolongación do camiño público NAR 2032 ata a parcela RC 7179616NJ6177N0002PJ e incorporar ese tramo como público no Inventario Municipal de Vías,

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal que entre outras cousas di:

*“**ANTECEDENTES.-** Para a realización do traballo tivéronse en conta as escrituras de propiedade aportadas polo interesado e por propietarios colindantes co devandito camiño e a fotografía do parcelario catastral do 1956.*

*-PRIMEIRO.- Na documentación que achega o interesado respecto á propiedade RC 7179616NJ6177N0002PJ caracterízase do seguinte xeito:*

lo que hace **una superficie TOTAL construida de CIENTO NOVENTA METROS CUADRADOS** y que con su terreno **unido, en figura de “L”**, forma actualmente una sola finca de la superficie gráfica de suelo actual de VEINTIUNA ÁREAS y CINCUENTA Y CINCO CENTIÁREAS. Sus linderos actualizados son: NORTE, Parcela Catastral 40 de Doña Dolores Fernández Vázquez y también en parte Parcela Catastral 42 (antes de Marcelino Veiga Dopico y de su hijo Marcelino Veiga Lorenzo), es decir, más de esta herencia; SUR, Parcela Catastral

22 de Manuela Díaz López, ESTE, Parcela Catastral 45 del mismo Polígono, Parcela Catastral 46 de Emilio Seselle Grandal y la citada Parcela Catastral 42, es decir, más de esta herencia (antes de Marcelino Veiga Dopico y de su hijo Marcelino Veiga Lorenzo); y OESTE, la citada Parcela Catastral 22 de Manuela Díaz López.-----

-Con respecto ao inmovible con R.C15055A061000420000SK descríbense os seguintes lindes:

2) En el lugar de **CHAVES DE ARRIBA**, también conocido como **CORNIDO**, en el lugar de **OUTEIRO**, un terreno a labradío secano de la superficie actual según catastro de QUINCE ÁREAS y VEINTINUEVE CENTIÁREAS, en figura de "L". Sus linderos actualizados son: NORTE, Parcela Catastral 47 de Emilio Vázquez Rodríguez; SUR, Parcela Catastral 16 descrita anteriormente, es decir, más de esta herencia y también en parte Parcela Catastral 46 de Emilio Seselle Grandal; ESTE, Parcela Catastral 46 de Emilio Seselle Grandal y Parcela Catastral 52 de Amalia Romero Sarmiento; y OESTE, la citada Parcela Catastral 16 descrita anteriormente, es decir, más de esta herencia. -----

-Segundo a documentación achegada polo propietario colindante Dña. María Teresa Frieiro Soto con respecto ás parcelas (7179615NJ6177N0001MH e 7179621NJ6177N0001RH), estas caracterízanse do seguinte xeito, RC. 7179615NJ6177N0001MH:

#### AYUNTAMIENTO DE NARON

2.- Al nombramiento de "Pumar", un terreno destinado a labradío, campo y monte, de la cabida de siete ferrados y medio, equivalentes a treinta y ocho áreas y diecisiete centiáreas. Linda: Norte, más de Juan Fernández Vázquez; Sur, con camino; Este, camino de serventío y más de la causante; y Oeste, camino, monte de la causante y más de los herederos de Manuel Lorenzo.-----  
Referencia catastral: 7179615NJ6177N0001MH.-----



sabecera, al sitio de Sumar, en el citado lugar del Outeiro; linda por Levante con más de los herederos de José Lorenzo; Poniente camino público que va al lugar de las Cobas; Norte más terreno del exponente; y Sur más del mismo y de los herederos de José Lorenzo. Hállase gravada,

-RC: 7179621NJ6177N0001RH

5.- Una casa ruínosa y deshabitada desde hace mucho tiempo, compuesta de planta baja y piso alto con un cuarto unido,

con sus holganzas de corral, era, hórreo, y terreno unido por su viento Oeste, sita en el lugar de Outeiro, señalada con el número catorce, y con un pozo de agua potable, todo lo cual constituye una sola finca de la cabida de ferrado y cuarto, igual a seis áreas y treinta y seis centiáreas.

Linda: Este o frente, con camino público; Norte, Sur y Oeste, con terreno y casa de los herederos de Manuel Lorenzo.-----

Referencia catastral: 7179621NJ6177N0001RH.-----

mente un pozo de agua potable, con todo una sola finca, de la superficie de un ferrado y un cuarto, poco más o menos, ó sean seis áreas y treinta y seis centiáreas, que linda por el Levante ó frente con el camino público que da entrada á la citada casa; y por Poniente ó espalda, Norte ó izquierda y Sur ó derecha con casa y terreno de José Lorenzo, hoy de sus herederos. Hállase gra-

SEGUNDO.- Examinada a documentación achegada ao expediente non procede acceder ao solicitado, dado que no inventario de Vías do Concello de Narón o camiño de natureza

pública NAR2032 remata na parcela catastral 7179615NJ6177N0001MH e por outra banda o solicitante manifesta a existencia dunha sentenza conforme a existencia dun camiño, non tendo constancia de que a mesma fose achegada ao expediente.

### **B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de xuño

### **C) INFORME PROPOSTA**

Á vista do informe emitido, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Desestimar a reclamación presentada por D. Diego Portela Bermúdez de prolongación do camiño público NAR 2032 ata a parcela RC 7179616NJ6177N0002PJ.”

Visto o ditame favorable por maioría (cos 5 votos a favor de TEGA e as abstencións de PP -3- ; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-03-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

-Desestimar a reclamación presentada por D. Diego Portela Bermúdez de prolongación do camiño público NAR 2032 ata a parcela RC 7179616NJ6177N0002PJ.

### **DEBATE**

-Sr.Ulla Rocha: boa tarde.

En relación a este punto o partido socialista imos a votar en contra, tras falar neste caso co propietario e coa persoa que presentou a reclamación, e sen desmerecer os informes técnicos si que cremos que é de xustiza e polo menos, si que debemos ter en consideración dende esta administración a local, a máis preta á cidadanía esta reclamación deste veciño toda vez que de selo caso que agora mesmo desestimáramos esta reclamación impediríamos que este veciño tivera mínimo o acceso á auga potable, por eso imos a votar en contra.

-Sra.Ledo Díaz: si, no noso caso tamén se puxeron en contacto e igual que nos abstivemos todos os grupos da oposición na comisión, porque lendo o informe se falaba de que non había camiño, eles piden que se diga que existe ese camiño, senón que aumenten eses 25 metros de camiño público ata chegar a súa casa. E logo mirando e estando alí e vendo distintas fotografías non atopamos outra entrada que non sexa esa. Entón o dereito deste veciño, ademais a casa xa ten unha antigüidade e non pasa nada porque se aumente a camiño público un pouquiño máis, e esa vivenda pase a ter uns servizos que se merece calquera veciño.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Boa tarde a todos e a todas.

Bueno, un pouco na liña que foron os compañeiros, no, hai cousas que non nos coinciden e que nos gustaría que nos aclararan.

Resulta que no plan xeral aprobado no ano 2002, esta vivenda está dentro do núcleo.

No PXOM que se realizou a aprobación inicial en maio do ano pasado, tamén está dentro do núcleo. Entón paréceme incoherente que agora vaíamos aprobar algo en contra do que está aprobado no PXOM, no. Nese sentido nós consideramos que se lle debería dar unha volta ao asunto e intentar solucionar e solventar esta papeleta que teñen estes veciños ou estas familias, porque ao final lles estamos facendo un flaco favor deixándolles a casa fóra de ordenación.

Que é algo preocupante porque aparte deso tamén entendemos que debía optar a servizos como abastecemento de auga, e alcantarillado e desta forma non podería ser. E unha cousa que me parece a min que se podía facer e que sacar a publicación dese trozo que falta que ... eu creo que son 15 metros, por aí hai algún escrito destas familias que falan de 25 metros. Eu creo que incluso son menos de 25 metros, e que a realidade é que a traba que hai é dunha casa que está en ruínas, dunhas fincas que están abandonadas; entón creo que se debería de facer todo o contrario, declarar o camiño público e se alguen non está de acordo que alegue nese sentido. Entón se podería estudar a ver que pasa porque creo que de verdade, que non se debería levar neste sentido.

Nós tamén ímolo votar en contra porque consideramos que hai que analizar, e neste sentido creo que temos que favorecer ás familias que están traballando e intentando ter as súas casas en condicións, ter as súas propiedades cuidadas, cousa que neste caso todo o contrario está facendo esa outra propiedade.

Polo tanto, o noso voto tamén vai ser en contra.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes.

A nós tamén nos gustaría que fose un camiño público. O problema é que temos uns informes técnicos que di que non é un camiño público. É un camiño de servidume e este camiño é propiedade dun particular, se ese particular non quere ceder esa servidume para que sexa camiño público a única vía legal que temos é a expropiación. E facer un expediente de expropiación para beneficiar a un particular prexudicando a outro, sen este outro ser cómplice, ou querer facelo é un tanto complicado.

Nós encantados da vida de que ese señor teña entrada se o propietario desa servidume lle deixa pasar, e facer o camiño público. Xa volo explicamos na comisión, non podemos votar en contra dun informe técnico municipal que di que é un camiño de servidume.

Que a posteriori este particular, que é propietario dese camiño de servidume deixa pasar, deixa facer camiño público e un acordo mutuo entre eles ou entre o concello e eles, nosoutros non temos ningún problema en facer camiño público, pero a día de hoxe os informes técnicos din que é un camiño de servidume. E sen autorización da propiedade dese camiño non se pode facer público. Poñávosdes para riba, para baixo, ou como queirades, non hai solución. Salvo que esa propiedade diga que si que está de acordo.

Se a convencedes ou a convencemos entre todos de que pode beneficiar a todos, nós encantados de que sexa público, non temos ningún interese especial en que ese camiño non se faga público, pero temos que rexirnos por eses informes que temos. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: a ver, a diferenza entre unha servidume e un camiño público é que a servidume ten un dereito real da persoa que é propietaria para acceder a outro terreo pero que ten que permitir si ... e non implica necesariamente un uso público, pero como é unha vivenda, si no momento de pasar a camiño público tería acceso tamén a esa terra, por eso existen as servidumes historicamente no noso país, pois esa persoa non perdería o acceso que tiña coa súa servidume, e que de feito é unha entrada a esa vivenda, ese pedazo, entón a

vontade política terá que ser que eso pase a ser camiño público e sexa cunha expropiación..... igual é o que quere esa persoa, no. Pero bueno, para eso haberá que negociar e entablar un consenso.

Nós non estamos en contra do que di o informe técnico, o que está pedindo o propietario da vivenda é que sexa público porque por exemplo, servizos como a auga, non vai poder ter nunca neste sentido. Entónces o que non ten sentido é que no Plan xeral de ordenación municipal apareza dentro dun núcleo rural, ou sexa, que teñas dereito a ter aí unha vivenda e sen embargo, non teñas dereito aos servizos que teñen o resto dos veciños e de veciñas. Entónces aí hai unha contrariedade que temos que solucionar e aí entra a vontade política, non só a parte técnica. Contra a parte técnica nós non temos nada e fan o seu traballo e de maneira escrupulosa, pero a vontade política neste caso, será a de facilitar que esa servidume pase a un camiño público. Nós entendémolo así, non nos cabe a menor dúbida de que se o intentamos, se pode facer. Entónces bueno, pasará ao proceso onde entendemos que as partes, neste caso as que gobernades, poidan falar coas outras e a ver o que se pode facer.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, a realidade é que a min me consta ou teño entendido, que o concello fixo algunha actuación nese camiño. Entónces houbo unha inversión pública. E como inversión pública eu creo que o concello pode declaralo como camiño público. Outra cousa, é que poda haber alegacións e que esas alegacións se xustifiquen e ....., que creo que non as vai haber porque non ten sentido que se dera licenza para construír esa vivenda aí, que esa vivenda teña a licenza municipal e que agora a vaíamos deixar fóra de ordenación, facendo incluso o contrario do que se declarou no Plan de Urbanismo. Que estaba declarado xa no ano 2002.

E despois o que comentaba antes, hai outra parte que considero que tamén é importante estudar e valorar, de que non podemos seguir favorecendo eses propietarios que teñen as súas propiedades abandonadas e outras persoas, outras familias, que están intentando cuidalas e mantelas favorecendo incluso, ao concello para que poida cobrar impostos, pois que sigamos nesa liña. É dicir, o que está prexudicando agora mesmo é unha casa que está en ruínas, que non se sabe practicamente nin quenes son os propietarios. E polo tanto, creo que sería unha forma de avanzar e de que se realmente esas familias, ou esa familia ten interese nesa propiedade pois se personara no concello antes presentando unha alegación; entónces xa teremos opcións a debatir e a buscarlle outra alternativa. Que estou seguro que a familia... o concello ten posibilidade de actuar para que esa familia conceda ese espazo público. É dicir, que autorice, 15 metros aproximadamente lle quedan para que sexa público ese camiño, e para que esa vivenda que dentro da ordenación, que creo que a todos nos preocupa, sabemos os problemas que trae unha vivenda fóra de ordenación, e polo tanto, non debemos prexudicar a unha familia que está traballando e coidando as súas propiedades.

Polo tanto, nós imos votar en contra. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: simplemente para aclarar. A propietaria desa servidume manifestou a este concello que non está disposta a ceder eso para camiño público. Di que non vai permitir que se faga público. É a propietaria. Os propietarios se teñen as fincas abandonadas ou non abandonadas, seguen sendo os propietarios. E teñen os seus dereitos, se ela non quere facilitar ese acceso como camiño público, está no seu dereito. Se alguén a convence, ou alguén nos di a forma legal que o técnico municipal diga que é válida, nosoutros estamos dispostos a negocialo e a levalo adiante. Pero ten que haber unha forma legal, non é un tema que digamos nos como políticos, e logo despois que presenten alegacións. Ningún técnico municipal, vai asinar que ese camiño pase a ser público. Ningún, a día de hoxe.



Se houberse algunha normativa ou algunha excepción que se buscasse legal, pois nós estaríamos dispostos a falar do tema, pero a día de hoxe non existe esa posibilidade.

Eu non sei como comentalo, non existe esa posibilidade de camiño público a día de hoxe. Se buscadeis unha maneira legal, ou algo que sexa legal e o técnico municipal está de acordo, nosoutros tamén estamos de acordo en que se faga público. Non temos ningún interese en que non se faga público, pero ten que ser un argumento legal, non por decreto deste Pleno, de acordo?

-Sra.alcaldesa: e que aquí se escoitan determinadas cousas que de verdade parece, que nós non temos ás veces interese en facer as cousas. Si que temos, pero evidentemente teñen que ser legais. É dicir, aquí hai un informe técnico .... Aquí se acaba de escoitar “non estou en contra do informe técnico pero vou a votar en contra do informe técnico....” Realmente aquí o que se trae e quen determina si se pode facer público ou non, é un informe técnico e é verdade o que decía neste caso Ramos, é dicir, unha casa, unha vivenda, porque non esté neste caso, nas condicións óptimas, non quere dicir que non teña un propietario e esa propiedade manifesta que non vai a ceder. Co cal nos atopamos en que ela mesma ten unhas escrituras onde lle chega o seu camiño, onde chega a súa propiedade e non vai a permitir que sexa neste caso público.

Entón administrativamente e legalmente se nos complica. Entón, dá igual un pouco o que se vote. É dicir, o informe técnico é claro, clarísimo que non hai suficiente.. nin sequera documentación que acredite que eso pode ser público. Entón como compredereades non imos votar neste caso, en contra dun informe técnico. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A favor

PP: 6 En contra

BNG: 3 En contra

PSdeG-PSOE: 2 En contra

## **QUEDA REXEITADA ESTA PROPOSTA.**

### **4 º.- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/2025.** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“Vista a documentación incorporada ao expediente PRE/2025/9, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/2025.

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Visto o informe proposta do Técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 11/03/2025 (PRE19I0026).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.





O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Despois de ver o informe da Intervención municipal do 11/03/2025 (PRE19I0027) que emite informe de reparo á aprobación das facturas especificadas nos apartados décimo noveno e vixésimo dese informe, facturas emitidas por Sirtelco SL (F/2024/7693) en concepto de dotación de infraestrutura cableado para conectividade de rede pública no Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz, La Voz de Galicia SA (F/2024/7193 e F/2024/7197) en concepto de publicidade das xornadas de degustación da tarta de Narón na hostalaría, Hermex Ibérica SL (F/2024/7287, F/2024/7288, F/2024/7289) e Bosque da Devesa SL (F/2024/7651) en concepto de subministro de mobiliario para escolas infantís municipais, Jardinería Arce SL (F/20024/7636) en concepto de substitución de valado de protección en parque infantil Finca Tenreiro, Gonnaba Construcciones y Reformas SL (F/2024/7691) en concepto de modificación sala hidroterapia e construción de rampla de acceso no centro integrado Manuela Pérez Sequeiros, Sirtelco SL (F/2024/7693) en concepto de dotación de infraestrutura cableado para conectividade de rede pública no Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz, José Carlos García Fernández (F/2024/7694) en concepto de reparación freo chan pechaportas Pazo Cultura substitución por deterioro, Jardinería Arce SL (F/2024/7710) en concepto de limpeza de drenaxes e retira de áridos en senda verde peonil Xuvia-Freixeiro, Jardinería Arce SL (F/2024/7711) en concepto de adaptación de documentación de parques infantís conforme ao Decreto 245/2003 de normas de seguridade de parques infantís, José Romeo Villadóniga (F/2024/7925) en concepto de reparación de fisuras en canalizacións de pluviais de formigón e embocaduras en ponte (Estrada municipal no lugar de Lobeiro-O Val), Cinnia Tech SLU (F/2024/8170) en concepto de subministración e colocación de 42 rótulos para a sinalización de entidades singulares do Concello de Narón, Sici Activity SLU (F/2025/4) en concepto de servizo de catering despedida ano traballadores/as do Concello de Narón, Agrupación Deportiva Náutico Narón (F/2025/348) en concepto de servizo de xuíces de competición (árbitros) e canon FEGAN para o “XXXI Trofeo de natación Cidade de Narón”, e Agrupación Deportiva Náutico Narón (F/2025/394) en concepto de servizo control técnico comité galego de xuíces (árbitros de competición) e canon FGA para a carreira “a treintaundoce (San Silvestre naronesa)”, respectivamente, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado; e fiscalízanse de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das restantes facturas polos motivos que se especifican nos apartados do décimo a décimo oitavo dese informe.

Despois de ver o informe da técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación do 12/03/2025 (ECO19I002Y), relativo as facturas de La Voz de Galicia SA (F/2024/7193 e F/2024/7197) en concepto de publicidade das xornadas de degustación da tarta de Narón na hostalaría, cuxo contido literal é o seguinte:

## "Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion Economica – MEMD		
Número expediente:	Documento:	
 ECO/2025/1	 ECO19I002Y	
6W51 4V49 4O5F 4T0E 0UCA		



María Eugenia Méndez Díaz, Técnica de Promoción económica e programas de cooperación, á vista do reparo con efectos suspensivos emitido pola Interventora Municipal en data 11/03/2025 con respecto ás seguintes facturas:

Nº RCF	PROVEDOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
F/2024/7193	La Voz de Galicia, SA	A15000649	1.000,00 €	Rec/01/2025 Banner en Roba 1 Edic Ferrol. Xornadas degustación tarta de Narón na hostalaría. 9 días do 22 ao 30/novembro/2024
F/2024/7197	La Voz de Galicia, SA	A15000649	400,00 €	Rec/01/2025. 3 faldóns no xornal La Voz de Galicia. Xornadas degustación tarta de Narón na hostalaría 3 días do 22 ao 27/novembro/2024

No informe de reparo a aprobación destas facturas emitido pola Interventora Xeral deste Concello (código de documento PRE19I0027), no seu punto Vixésimo considera “ que se trata de gastos que, nuns casos, responden á prestacións de carácter periódico e de carácter repetitivo, segundo os casos, e que, en canto a todos eses gastos, tamén se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente”.

#### INFORMO:

Este servizo levouse a cabo sen unha adecuada planificación dado que non se comprometeu na forma debida. Todo iso conlevou que o gasto non se executara correctamente. As circunstancias laborais de cada ano e o orzamento dispoñible supuxo non facer con tempo suficiente a planificación correcta.

Tamén temos que ter presente que no caso das publicacións dos medios, o tema dunha contratación conxunta resulta dificultoso polas seguintes razóns:

- 1.- Debemos saber con moita antelación se ese evento se vai a realizar ou non.
- 2.- Debemos ter en conta tamén que ás tarifas dos medios varían en función de varios factores coma:
  - Se a páxina vai en cor ou en branco e negro
  - Se é unha páxina par ou impar
  - Se vai en edición local ou xeral.
  - O tamaño que queremos da publicidade.
  - Se se trata dun día por semana ou fin de semana.
  - O lugar no que vai a noticia ( interior, portada ou contraportada).

En aras a unha millor organización de cara a volver a contratar ditos servizos, intentárase realizar unha planificación con marxe de tempo suficiente para poder acudir o procedemento de contratación oportuno para dar cobertura a ditos gastos.




Visto que o traballo obxecto das facturas reparadas foi realizado de conformidade, e en relación co suposto obxecto do presente informe, a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “Teoría do enriquecemento inxusto”; en virtude da cal “ no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e de 28 de outubro de 1986). Polo tanto, o Concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo ao contratista, debe realizar o pagamento das prestacións realizadas, xa que a factura está debidamente conformada, non pode obviar o pagamento das prestacións realizadas.

Por todo o anterior procede o levantamento do reparo e posterior aprobación das facturas referidas no encabezamento.

Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntaria na aplicación e ou interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundado en dereito”.

Despois de ver o informe da xefa do Servizo Sociocomunitario do 14/03/2025 (SSO19I01EZ), relativo as facturas de Hermex Ibérica SL (F/2024/7287, F/2024/7288, F/2024/7289) e Bosque da Devesa SL (F/2024/7651) en concepto de subministro de mobiliario para escolas infantís municipais, cuxo contido literal é o seguinte:

**"Datos Do Expediente:**

ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS (S-SOC-12)		
Unidade Tramitadora:		
Servizos Sociais - JPLB		
Número expediente:	Documento:	
 ENS/2021/34	 SSO19I01EZ	
<div>2Q2F 4070 2C6L 4X3T 1BAJ</div> 		

**INFORME DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL**

**ASUNTO:** Levantamento de reparo, con efectos suspensivos, na fiscalización da Intervención Municipal á aprobación das facturas nº F/2024/7287, F/2024/7288 e F/2024/7289 emitidas por HERMEX IBÉRICA S.L., e F/2024/7651 emitida por BOSQUE DA DEVESA S.L. incluídas no Informe de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do ano 2025 (Exp. Nº 01/2025: Recoñecemento extraxudicial de créditos) (PRE19I0027)

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación ao asunto que se cita emite o seguinte INFORME:

**PRIMEIRO.-** Con datas 21/10/2024 e 28/10/2024 solicitáronse á Intervención Municipal retencións de crédito por importe de 3.604,48, 2.808,46 e 5.993,12 € con cargo á aplicación orzamentaria 3230.62500, para subministrar mobiliario ás Escolas Infantís Municipais A Solaina, Piñeiros e A Gándara, polo provedor HERMEX IBÉRICA S.L. A Intervención Municipal contabiliza ditas reservas de crédito coas operacións RC=220240017930, 220240017929 e 220240018520.

Así mesmo solicitouse retención de crédito por importe de 3.771,18 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.62500, para subministrar mobiliario infantil EIM A Gándara de armarios, estanterías e sillóns, polo provedor Bosque da Devesa S.L.. A Intervención Municipal contabiliza dita reserva de crédito coa operación RC=220240018412

**SEGUNDO.-** Con datas 16 de decembro de 2024 e 20 de decembro de 2024 a Concelleira delegada presta a súa conformidade ás seguintes facturas:

Nº RCF	PROVEDOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
F/2024/7287	Hermex Ibérica, SL	B66629494	3.604,48 €	Subministración e montaxe 4 cunas evacuación Waterproof e Dreamy/3 mobles brancos/1 sillón dirección para EIM A Solaina
F/2024/7288	Hermex Ibérica, SL	B66629494	2.808,46 €	Subministración 12 cunas madeira para EIM A Solaina.
F/2024/7289	Hermex Ibérica, SL	B66629494	5.993,12 €	Subministración e montaxe mobiliario aula e comedor EIM A Solaina. 80 sillas/8 mesas/1 mesa bebé



F/2024/7651	Bosque da Devesa, SL.	B70469903	3.771,18 €	Subministración mobiliario infantil EIM A Gándara. Armarios, estanterías, sillóns
-------------	-----------------------	-----------	------------	---

As ditas facturas son enviadas para a súa tramitación á Intervención Municipal, ás que se achegan os correspondentes documentos de RC:

Nº RCF	PROVEDOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO	RC
F/2024/7287	Hermex Ibérica, SL	B66629494	3.604,48 €	Subministración e montaxe 4 cunas evacuación Waterproof e Dreamy/3 mobles brancos/1 sillón dirección para EIM A Solaina	220240017930
F/2024/7288	Hermex Ibérica, SL	B66629494	2.808,46 €	Subministración 12 cunas madeira para EIM A Solaina.	220240017929
F/2024/7289	Hermex Ibérica, SL	B66629494	5.993,12 €	Subministración e montaxe mobiliario aula e comedor EIM A Solaina. 80 sillas/8 mesas/1 mesa bebé	220240018520
F/2024/7651	Bosque da Devesa, SL	B70469903	3.771,18 €	Subministración mobiliario infantil EIM A Gándara. Armarios, estanterías, sillóns	220240018412

**TERCEIRO.-** Con data 11 de marzo de 2025 a Intervención Municipal emite Informe de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do ano 2025 (Exp. Nº 01/2025: Recoñecemento extraxudicial de créditos) reflectindo no seu punto vixésimo o reparo con efectos suspensivos na fiscalización e recoñecemento da obriga de ditas facturas pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.

No apartado VIXÉSIMO do citado informe indícase:

“En relación ás facturas emitidas por (...)HERMEX IBÉRICA S.L. (F/2024/7287; F/2024/7288, F/2024/7289) E BOSQUE DA DEVESA S.L. (...) en concepto de “subministro de mobiliario para as escolas infantís municipais”.

(...) esta Intervención considera que se trata de gastos que, nuns casos, responden á prestacións de carácter periódico e de carácter repetitivo, segundo os casos, e que, en canto a estes gastos, tamén se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente. (...)Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.”

No apartado de CONCLUSIÓNS di:

(...) emite informe de reparo á aprobación das facturas especificadas no apartado decimo noveno e vixésimo deste informe, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación. Ao abeiro do dito artigo, o devandito REPARO terá EFECTOS SUSPENSIVOS ata que sexa solventado. (...)”

**CUARTO.-** A base 27ª.2 das Bases de execución do orzamento en vigor dispón:

“(...) establece neste concello o sistema de fiscalización previa limitada de obrigas ou gastos co seguinte alcance:

- A) Con carácter xeral, fiscalízanse os seguintes extremos:
- Existencia de crédito axeitado e suficiente (...)
  - Que as obrigas o gastos se xeran por órgano competente.
  - Que existe informe proposta do servizo correspondente.
  - Executividade dos recursos que financian a proposta, no seu caso.
  - Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.

Estes extremos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes (...)”

O punto 3 da mesma base indica:

“(...) Os gastos non sometidos a fiscalización previa, tramítaranse mediante un documento único de “Proposta de gastos” (RC) ata un límite máximo de 6.000,00 € (...) Pola unidade responsable do control de gastos tomarase razón do gasto, previa comprobación pola dita unidade:

- Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- Competencia da unidade xestora propoñente.
- No seu caso, competencia do órgano que aproba o gasto.

d) Comprobación dos requisitos do contrato menor (...)"

**QUINTO.-** No expediente ENS/2021/34 e, concretamente, para os documentos RC=220240017930, RC=220240017929, RC=220240018520 e RC=220240018412 non consta anotación ningunha da Intervención Municipal que impida continuar coa tramitación do gasto.

**SEXTO.-** A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa "teoría do enriquecemento inxusto", en virtude da cal "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades" (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o Concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo ao contratista, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que a factura está debidamente conformada, non pode obviar o pagamento da mesma.

En base ao anterior, quen subscribe informa sobre a procedencia de levantar o reparo con efectos suspensivos interposto pola Intervención Municipal á aprobación da obriga derivada das facturas relacionadas a continuación e incluídas no informe de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do ano 2025 (Exp. N° 01/2025: Recoñecemento extraxudicial de créditos) :

Nº RCF	PROVEDOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
F/2024/7287	Hermex Ibérica, SL	B66629494	3.604,48 €	Subministración e montaxe 4 cunas evacuación Waterproof e Dreamy/3 mobles brancos/1 sillón dirección para EIM A Solaina
F/2024/7288	Hermex Ibérica, SL	B66629494	2.808,46 €	Subministración 12 cunas madeira para EIM A Solaina.
F/2024/7289	Hermex Ibérica, SL	B66629494	5.993,12 €	Subministración e montaxe mobiliario aula e comedor EIM A Solaina. 80 sillas/8 mesas/1 mesa bebé
F/2024/7651	Bosque da Devesa, SL	B70469903	3.771,18 €	Subministración mobiliario infantil EIM A Gándara. Armarios, estanterías, sillóns
Total:			16.177,24 €	

“

Despois de ver o informe do técnico medio de Servizos Básicos (Xefe do Servizo) do 14/03/2025 (BAS19I006Y), relativo as facturas de Jardinería Arce SL (F/20024/7636) en concepto de substitución de valado de protección en parque infantil Finca Tenreiro, Gonnaba Construcciones y Reformas SL (F/2024/7691) en concepto de modificación sala hidroterapia e construción de rampla de acceso no centro integrado Manuela Pérez Sequeiros, José Carlos García Fernández (F/2024/7694) en concepto de reparación freo chan pechaportas Pazo Cultura substitución por deterioro, Jardinería Arce SL (F/2024/7710) en concepto de limpeza de drenaxes e retirada de áridos en senda verde peonil Xuvia-Freixeiro, Jardinería Arce SL (F/2024/7711) en concepto de adaptación de documentación de parques infantís conforme ao Decreto 245/2003 de normas de seguridade de parques infantís, cuxo contido literal é o seguinte:

**"Datos Do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Servizos Basicos e Mantemento – AHM	
Número expediente:	Documento:
 BAS/2025/28	 BAS19I006Y
<div>661M 3T1N 5U3G 074Q 0PDV</div> 	

**ASUNTO: LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO DAS FACTURAS CON R.C.F F/2024/7636** emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Substitución valado protección parque infantil Finca Federico. Realiz: 12 ao 16/12/2024, R.C.F. F/2024/7691 emitida por Gonnaba Construcciones y Reformas, SL, CIF B70285085 en concepto de Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Modificación sala hidroterapia/construcción rampa acceso centro Manuela Pérez Sequeiros. Exec: 05/11/2024 ao 16/12/2024, R.C.F F/2024/7694 emitida por García Fernández, José Carlos, CIF \*\*\*\*\*en concepto de Rec/01/2025 Reparación freno chan pechaportas no Pazo Cultura. Substituc por

deterioro. Realiz: 16 ao 19/12/2024, R.C.F. F/2024/7710 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/278. Limpeza e drenaxes e retirada aridos na senda verde peonil Xuvia-Freixeiro. Realiz: 09 ao 12/12/2024, R.C.F. F/2024/7711 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/275. Adaptación documentación revisións parques infantís a decreto 245/2003 de seguridade. Realiz: 17 ao 20/12/2024

## **DESTINATARIO: INTERVENCIÓN.**

A solicitude do Departamento de Intervención PRE19I0027 (EXP: PRE/2025/9) de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao orzamento do ano 2025 (expediente nº 01/2025 de recoñecemento extraxudicial de créditos) de data 11/03/2025, emítese informe relativo ás facturas emitidas con R.C.F. F/2024/7636 por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de. Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Substitución valado protección parque infantil Finca Federico. Realiz: 12 ao 16/12/2024, R.C.F. F/2024/7691 emitida por Gonnaba Construcciones y Reformas, SL, CIF B70285085 en concepto de Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Modificación sala hidroterapia/construcción rampa acceso centro Manuela Pérez Sequeiros. Exec: 05/11/2024 ao 16/12/2024, R.C.F F/2024/7694 emitida por García Fernández, José Carlos, CIF \*\*\*\*\* en concepto de Rec/01/2025 Reparación freno chan pechaportas no Pazo Cultura. Substituc por deterioro . Realiz: 16 ao 19/12/2024, R.C.F. F/2024/7710 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/278. Limpeza e drenaxes e retirada aridos na senda verde peonil Xuvia-Freixeiro. Realiz: 09 ao 12/12/2024, R.C.F. F/2024/7711 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/275. Adaptación documentación revisións parques infantís a decreto 245/2003 de seguridade. Realiz: 17 ao 20/12/2024.

Os seguintes gastos que responden a actuacións non previsibles, son necesidades puntuais en non recorrentes a indicar:

-A substitución valado protección parque infantil Finca Federico resultou necesaria para subsanar o deterioro producido recentemente polas inclemencias meteorolóxicas, e así manter as condicións de seguridade.

-A reparación do freno chan pechaportas no Pazo Cultura, pola necesidade de manter as medidas de seguridade de accesos a un edificio de pública concorrencia

-A limpeza e drenaxes e retirada de áridos na senda verde peonil Xuvia-Freixeiro, por tratarse de acumulacións producidas polo medre incontrolado do río, que poderían provocar males maiores na infraestrutura.

-A adaptación da documentación de revisións parques infantís a decreto 245/2003 de seguridade, pola necesidade inmediata de contar coa documentación debidamente actualizada, por motivos de seguridade pública.

-A modificación da sala hidroterapia/construcción rampa acceso ao centro Manuela Pérez Sequeiros, foi levada a cabo pola necesidade de dotar de mellor accesibilidade dun local frecuentemente visitado por persoas de avanzada idade, así como para ampliar as posibilidades de uso da instalación. Ambas requirían dunha actuación inmediata para poder continuar a prestar servizo da maneira máis adecuada.

Estas actuacións requirían dunha actuación inmediata, non podendo adialas máis tempo.

Á vista do anterior, non se deben caracterizar estas intervencións como periódicas ou planificables.

Polo tanto, respecto do abuso do uso do contrato menor, este Técnico considera adecuada a utilización desta figura no presente suposto, por cumprirse as esixencias legais ao respecto. Como xa se indicou, estas actuacións teñen un carácter urxente, o que xustifica a imprevisibilidade daquela e a imposibilidade de planificar e licitar a contratación.




Por todo o exposto, podemos concluír que a factura con R.C.F. F/2024/7636 presentada por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de. Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Substitución valado protección parque infantil Finca Federico. Realiz: 12 ao 16/12/2024, R.C.F. F/2024/7691 emitida por Gonnaba Construcciones y Reformas, SL, CIF B70285085, en concepto de Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Modificación sala hidroterapia/construcción rampa acceso centro Manuela Pérez Sequeiros. Exec: 05/11/2024 ao 16/12/2024, R.C.F F/2024/7694 emitida por García Fernández, José Carlos, CIF \*\*\*\*\* en concepto de Rec/01/2025 Reparación freno chan pechaportas no Pazo Cultura. Substituc por deterioro . Realiz: 16 ao 19/12/2024, R.C.F. F/2024/7710 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/278. Limpeza e drenaxes e retirada aridos na senda verde peonil Xuvia-Freixeiro. Realiz: 09 ao 12/12/2024, R.C.F. F/2024/7711 emitida por Jardinería Arce, SL, CIF B15547979 en concepto de Rec/01/2025-BAS/2024/275. Adaptación documentación revisións parques infantís a decreto 245/2003 de seguridade. Realiz: 17 ao 20/12/2024, deben ser aboadas por parte deste Concello.

Nº RCF	PROVEDOR	CIF	IMPORTE	CONCEPTO
F/2024/7636	Jardinería Arce, SL	B15547979	11.792,66 €	Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Substitución valado protección parque infantil Finca Federico. Realiz: 12 ao 16/12/2024
F/2024/7691	Gonnaba Construcciones y Reformas, SL	B70285085	19.904,51 €	Rec/01/2025-EMC/02-IR/01/2025. Modificación sala hidroterapia/construcción rampa acceso centro Manuela Pérez Sequeiros. Exec: 05/11/2024 ao 16/12/2024
F/2024/7694	García Fernández, José Carlos		4.222,90 €	Rec/01/2025 Reparación freno chan pechaportas no Pazo Cultura. Substituc por deterioro . Realiz: 16 ao 19/12/2024
F/2024/7710	Jardinería Arce, SL	B15547979	5.800,00 €	Rec/01/2025-BAS/2024/278. Limpeza e drenaxes e retirada aridos na senda verde peonil Xuvia- Freixeiro. Realiz: 09 ao 12/12/2024
F/2024/7711	Jardinería Arce, SL	B15547979	5.450,00 €	Rec/01/2025-BAS/2024/275. Adaptación documentación revisións parques infantís a decreto 245/2003 de seguridade. Realiz: 17 ao 20/12/2024

Este é o meu informe para o levantamento de reparo suspensivo para a aprobación da seguintes facturas, que someto a calquera outro de maior criterio e emito para os efectos oportunos.”

Despois de ver o informe do técnico superior Infraestructuras Dixitais do 12/03/2025 (INF19I005V), relativo a factura de Sirtelco SL (F/2024/7693) en concepto de dotación de infraestrutura cableado para conectividade de rede pública no Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz, cuxo contido literal é o seguinte:

**"Datos Do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Novas Tecnoloxías e Comunicacions – GAR	
Número expediente:	Documento:
 INF/2024/29	 INF19I005V
<div>3P57 116D 0450 5H2Y 0P3L</div> 	

Como técnico superior de Infraestructuras Dixitais, expoño que:

**VISTO:**

- A seguinte factura presentada e conformada:

Rexistro Interv.	Provedor	CIF	Concepto	Importe
2024/7693	SIRTELCO, S.L.	B70021761	Servizo de conectividade: dotación de conectividade de rede pública en Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz	9.585,00 €

- O informe de reparo á aprobación desta factura emitido pola Intervención Xeral deste Concello (código de documento PRE19I0027), que considera que:

A) “esta Intervención considera que se trata de gastos que, nuns casos, responden a prestacións de carácter repetitivo, e que, en canto a todos estes gastos, tamén se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer





a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente. A OIREscon e a IGAE reafirman a limitación da utilización dos contratos menores para necesidades puntuais e non recorrentes, de escasa contía e urxente execución, que dende hai anos veñen recomendando os OCEX. Polo que debería tramitarse o correspondente procedemento de contratación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente, tal e como se puxo de manifesto en informes anteriores. Polo tanto, tendo en conta o anterior, estase incumprindo a normativa aplicable en materia de contratación no sector público.”

B) Ademais de “DÉCIMO NOVENO. Con respecto á factura emitida por Sirtelco SL (F/2024/7693) en concepto de dotación de infraestrutura cableado para conectividade de rede pública no Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz, por importe de 9.585,00 euros, esta Intervención informa que este gasto incumpre a finalidade do gasto incluído no anexo de investimentos do orzamento do ano 2024, tal e como se puxo de manifesto no reparo emitido na contabilización do correspondente RC 220240019704. Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.”.

## INFORMO:

- Que la necesidade de dotación de conectividade de rede pública no Centro de Formación e os seus edificios anexos como o Centro de Recursos Solidarios do Concello de Narón non se trata de gastos que resulten repetitivos xa que é a primeira vez que suceden, sendo ademais imprevisible a súa necesidade porque non é periódica nin panificable xa que xurde dunha necesidade puntual.

- Respecto ao punto B, partimos da premisa de que non e certo a afirmación da intervención que din que “como se puxo de manifesto no reparo emitido na contabilización do corresponde RC 220240019704” xa que no expediente NON EXISTE INFORME DE REPARO NINGÚN, existindo unicamente unha anotación.

A súa vez indicar que o Centro de Formación Irmáns Froilaz alberga nas súas instalacións, ao Centro de Recursos Solidarios, onde presta a súa actividade a Asociación de Recursos Solidarios, polo que a fronteira entre o que é un Local Social Municipal e un Local Municipal, para este simple informático é difícil de discernir.

- Por todo o anterior procede o levantamento do reparo e posterior aprobación da factura referida no encabezamento.

O que comunico aos Servizos Económicos”.

213	12/12/2024	INT18I01DZ (PER/2024/789) Contratación de persoal laboral temporal de experto/a docente do módulo básico de prevención de riscos laborais do “Curso AFD 2024/002021 FMEC0119_2 soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo MIG/MAG” (13/12/2024 a 05/01/2025), dentro do plan AFD 2024-2025. (reparo suspensivo)	PER18I0751 (PER/2024/789) RA do 12/12/2024
214	12/12/2024	INT18I01E0 (PER/2024/799) Contratación de persoal laboral temporal	PER18I075J (PER/2024/799) RA do 13/12/2024

		de experto/a docente do módulo básico de prevención de riscos laborais do “Curso AFD 2024/002025 MAMD0209 traballos de carpintería e moble” (16/12/2024 a 11/01/2025), dentro do plan AFD 2024-2025. (reparo suspensivo)	
215	13/12/2024	AXU18I00I0 (SSO/2016/174) Axuda financeira urxente	SSO18I06P4 (SSO/2016/174) RA do 13/12/2024
216	13/12/2024	FIS18I0080 (INT/2024/2) Fiscalización relación facturas F/2024/55 (reparo suspensivo + non suspensivo)	INT18I01EQ (INT/2024/2) RA do 13/12/2024 RA levantamento RS facturas de Grupivazgle SL (F/2024/6561) (subministro mediante renting do vehículo furgón atestados policía local do mes de outubro de 2024); Electricidad Permuy SL (F/2024/6988) (servizo instalación eléctrica evento esfolia en Doso), Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (F/2024/6905) (compra de equipos de rescate e salvamento acuático para vehículo de primeira intervención), Juan Luis Pérez Fernández (F/2024/6952) (subministración tercios “Buscocale”), Juan Luis Pérez Fernández (F/2024/6953) (subministración marcapáxinas “Buscoactividade”), Galicom Comunicaciones SL (F/2024/6973) (instalación emisora en vehículo bombeiros), Fraga y López SLU (F/2024/7008) (material de ferretería para a elaboración de refuxios de aves e morcegos), Cristalería San Juan SL (F/2024/7027) (subministro de policarbonato para colexios de Sedes e Gándara), Gestión Plus SLU Servicios Integrales a empresas (F/2024/7059) (organización e execución dos obradoiros de murais nos centros de ensino do mes de novembro), Gestión Plus SLU Servicios Integrales a empresas (F/2024/7060) (organización e execución dos obradoiros de nutrición escolar nos centros de ensino do mes de novembro), Gazapo Xestión SL (F/2024/7088) (desenvolvemento do programa municipal “Reforzando o futuro” do mes de novembro), Multiservicios Amvec SL (F/2024/7121) (reparación de beirarrúas de acceso á urbanización do Couto e rúa Irmáns Pita), Suministros Cufu SL (F/2024/7134) (reparacións varias na electrónica de rede do concello), Gedos Consultores de Empresas SL (F/2024/7144) (servizo

			de encontros para persoas maiores de 60 anos en diferentes espazos do mes de outubro), Gedos Consultores de Empresas SL (F/2024/7145) (servizo de xestión dos obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar nos centros de ensino do mes de novembro), Electricidad Permuy SL (F/2024/7156) (reparación de liñas de alumado e forza nas dependencias da Casa da Mocidade), e Gedos Consultores de Empresas SL (F/2024/7157) (servizo de organización e execución dos obradoiros de prevención e sensibilización de condutas aditivas para o alumnado e obradoiros extraescolares de escolas de familia do mes de novembro): INT18I01G1 (INT/2024/2) RA do 19/12/2024
217	16/12/2024	SEN18I003U (CON/2024/22) Certificación final obra “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Avda do Mar (Polígono Ensenada da Gándara)”	CON18I04F5 (CON/2024/22) RA do 18/12/2024
218	16/12/2024	SEN18I003V (CON/2024/21) Certificación final obra “Reforzo de rodadura nos Camiños do Pazo (Sedes) e da Portela (Pedroso)”	CON18I04EP (CON/2024/21) RA do 18/12/2024
219	17/12/2024	SEN18I003X (CON/2021/80) Certificacións nº 16, 17, 18 e 19 obra “Mantemento de servizos e seguridade vial en rúas da zona urbana”	CON18I04FC (CON/2021/80) RA do 18/12/2024
220	18/12/2024	IGA18I0207 (PAT/2024/114) Prórroga arrendamento local sito en rúa Cardenal Cisneros 2 dende o 01/01/2025 ata o 28/02/2025. (reparo suspensivo)	PAT18I0193 (PAT/2024/114) RA do 27/12/2024
221	19/12/2024	FIS18I008B (INT/2024/2) Fiscalización relación facturas F/2024/58 (reparo suspensivo + non suspensivo)	INT18I01G1 (INT/2024/2) RA do 19/12/2024 RA levantamento RS facturas de Autos Paco SA (F/2024/7220) (servizo de transporte autocar 50 prazas o 24/11/2024 dende Neda a Valdoviño para a promoción turística do Concello de Narón no evento “Camiño Gastronómico do Mar”); Jardinería Arce SL (F/2024/7151) (subministración e instalación de novo valado de madeira para substitución no parque biosaludable de Santa Icí), Segurma SA (F/2024/7154) (subministro e instalación de cámaras de vídeo vixilancia no aparcadoiro do centro de saúde e rotonda), Despacho A Fontiña SL (F/2024/7180) (subministración de porcións da tarta

			de Narón con motivo da campaña de promoción económica “A ruta máis doce” con xornadas de degustación na hostalaría), Voz de Galicia Radio SLU (F/2024/7191) (cuñas publicitarias das xornadas de degustación da tarta de Narón na hostalaría), Telemática Galicia SL (F/2024/7201) (servizo de formación básica de manexo de teléfonos móbiles intelixentes para persoas maiores de 60 anos en diferentes espazos do Concello de Narón do mes de outubro), Baby Universo SLU (F/2024/7264) (subministro de mobiliario para as escolas infantís municipais), Portasignal SL (F/2024/7179) (subministro de sinais eventuais personalizadas modelo Urban A4-P1), e Grupo Disnainga SL (F/2024/7261) (caixas de kits de medición de drogas): INT18I01H5 (INT/2024/2) RA do 30/12/2024
222	20/12/2024	INT18I01G6 (PER/2024/818) Percepcións decembro cargos públicos con dedicación exclusiva e parcial	PER18I07CB (PER/2024/818) RA do 23/12/2024
223	20/12/2024	ICO18I00HI (SSO/2024/177) Concesión e denegación axudas públicas acometidas zona rural ano 2024	SSO18I071L (SSO/2024/177) RA do 23/12/2024
224	20/12/2024	INT18I01GC (PER/2024/817) Nóminas decembro persoal laboral	PER18I07CF (PER/2024/817) RA do 23/12/2024
225	23/12/2024	ICO18I00HA (ECO/2024/7) Aprobación convenio 2024 EXPONAV (reparo suspensivo)	ECO18I00HH (ECO/2024/7) RA do 30/12/2024
226	23/12/2024	INT18I01GE (PER/2024/817) Nóminas decembro persoal funcionario	PER18I07DD (PER/2024/817) RA do 26/12/2024
227	26/12/2024	SEN18I0041 (CON/2022/6) Certificación final obra “Mellora da seguridade vial na rúa A Garda” (POS+ Adicional 2/2022)	CON18I04IY (CON/2022/6) RA do 27/12/2024
228	26/12/2024	ICO18I00HG (SSO/2024/123) Aprobación convenio 2024 Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol (reparo suspensivo)	SSO18I0740 (SSO/2024/123) RA do 27/12/2024
229	26/12/2024	IGA18I0CP (PAT/2023/36) Reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo matrícula 6878 HMH na rúa Cristóbal Colón (reparo suspensivo)	PAT18I0197 (PAT/2023/36) RA do 27/12/2024
230	26/12/2024	IGA18I0L6 (PAT/2023/74) Reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo matrícula 4638 JLS no Camiño Borrallada (Castro) (reparo suspensivo)	PAT18I019A (PAT/2023/74) RA do 30/12/2024
231	27/12/2024	IGA18I022N (MAM/2019/47) Liquidación da prestación do servizo de préstamo de bicicletas: setembro, outubro e	MAM18I036X (MAM/2019/47) RA do 30/12/2024

		novembro 2024	
232	27/12/2024	IGA18I022O (PAT/2023/54) Reclamación responsabilidade patrimonial danos vehículo matrícula 6500 HPR no Camiño da Xilfeira (reparo suspensivo)	PAT18I019I (PAT/2023/54) RA do 30/12/2024
233	30/12/2024	SEN18I0043 (CON/2021/125) Certificación nº 22 obra “Humanización Rúa Solaina”	CON18I04K3 (CON/2021/125) RA do 30/12/2024
234	30/12/2024	FIS18I008Q (INT/2024/2) Fiscalización relación facturas F/2024/60 (reparo suspensivo + non suspensivo)	INT18I01H5 (INT/2024/2) RA do 30/12/2024 RA non levantamento RS de nove facturas
235	30/12/2024	ICO18I00I1 (DEP2023/34) Xustificación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023 en réxime de concorrencia competitiva	DEP18I030W (DEP/2023/34) RA do 30/12/2024

## 2. ANOMALÍAS DETECTADAS EN INGRESOS

No exercicio 2024 emitíuse o seguinte informe/nota de reparo que pon de manifesto diversas anomalías detectadas en materia de ingresos, cuxo detalle é o seguinte:

Nº	DATA	INFORMES/NOTAS DE REPARO AÑO 2024	ASUNTO
1	25/11/2024	TES18I04Z6 (TES/2024/334) Informe conxunto desfavorable Intervención e Tesourería sobre a conta recadatoria de COSMA do 3º trimestre de 2024.	Extracto contido informe:  “(…) Tendo en conta as numerosas incidencias que están sendo detectadas por esta Administración no relativo ás operacións de xestión da taxa, é polo que deberá de darse cumprimento, xunto coas instrucións elaboradas pola Tesourería e demais normativa aplicable, ao contrato suscrito, ao manifestado na resolución do 26.04.2024 (ING18I15T) e todo elo aos efectos de minimizar as incidencias e posibles irregularidades na xestión da taxa pola mercantil.  Pese a todas as consideracións que reiteradamente foron comunicadas á mercantil por diferentes medios e en distintos expedientes, <u>na conta examinada foron detectados ingresos cuxa liquidación e recadación resultaba improcedente</u> . Por un lado, atopárase o contribuínte <u>Francisco José Cao Calderón</u> que <u>figura incluído na pestaña LD 3T24 cun ingreso realizado de 35.62 € o 20.08.2024 en concepto de alta ( e que se correspondería cunha autoliquidación )</u> . Comprobouse que o dito contribuínte foi incluído pola mercantil no padrón adicional do 3T/2024. Neste caso, o contribuínte figuraba na relación do mes de agosto de altas/baixas/variacións que confecciona a



			<p>mercantil para a súa aprobación pola administración. Esta modificación non foi tramitada e aprobada pola Administración en tanto que, pola mercantil, inicialmente non se aportaba a documentación pertinente polo que se formulou o requerimento o cal non figura atendido ao día da data. <u>Polo tanto, neste caso atopámonos ante unha modificación realizada de facto pola mercantil sen acto administrativo que sirva de soporte.</u></p> <p><u><b>Polo expresado, e co fin de regularizar a situación deste contribuínte no censo de RSU, é polo que a mercantil deberá de realizar as operacións oportunas nas súas bases de datos a fin de dar de baixa ao terceiro na taxa en tanto que non se dicte pola Administración acto administrativo que resolva o dito expediente.</b></u></p> <p>Por outra banda, na conta do periodo tamén figura incluído na pestaña LD 3T24 o ingreso dunha autoliquidación de 27,36 € realizado por M<sup>a</sup> Diandra Cobelo. Este contribuínte atópase incluído no expediente <u>TEs/2024/263 no que foi ditada resolución na que se acordaba a modificación do obrigado con efectos do 01/10/2024 e a baixa do anterior o 30/09/2024. Efectuada a consulta no padrón fiscal do 3ºT/2024 o obxecto tributario non se atopa incluído, figurando erróneamente no padrón adicional do periodo o que resulta improcedente. <b>Resulta claro pois que a mercantil non efectuou as modificacións nas bases de datos nos termos acordados pola administración en tanto que únicamente debería reflectir a modificación do obrigado tributario no padrón fiscal ordinario do 3º trimestre.</b></u></p> <p>(...)</p> <p><b>E) CONCLUSIÓN</b></p> <p>Por todo o exposto, as funcionarias municipais que suscriben, informan:</p> <p>1º.- Da análise da conta recadatoria presentadas pola empresa compróbase que non existen saldos inxustificadas, afirmación que se realiza coas advertencias que foron expostas anteriormente, en especial, as manifestadas no apartado C) 3 e que afectan a dous contribuíntes incluídos na pestaña LD 3T24.</p> <p>(...)”</p>
--	--	--	--

O Concello Pleno, deuse por enterado.



**9 °.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL COS RESULTADOS OBTIDOS DO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2024, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 27.2 DO REAL DECRETO 424/2017.** –Dase conta do seguinte informe:  
**ORGANO INFORMANTE: INTERVENCIÓN MUNICIPAL**

**ASUNTO: INFORME COS RESULTADOS OBTIDOS DO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2024, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 27.2 DO REAL DECRETO 424/2017**

**DESTINATARIO: PLENO**

Dona M<sup>a</sup> del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral do Concello de Narón, en cumprimento do que se establece no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do sector público local, co seguinte tenor literal:

*“2. Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del presupuesto y la remisión al Pleno del informe anual referido en el artículo 15.6 y, en un punto adicional, se elevará a dicho órgano un informe con los resultados obtenidos del control de las cuentas a justificar y anticipos de caja fija.”*

emite o seguinte INFORME:

**1. RELACIÓN DE PAGOS A XUSTIFICAR NO EXERCICIO 2024**

Nº EXPDTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS	TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE (EUROS)	Nº OPERACIÓN PJU	RESULTADO FISCALIZACIÓN
PER/2024/312	9200.23020 9200.23120	Pedro Caneiro Beceiro	Asistencia reunión evento internacional denominado “Días de Lomza”.	764,27	220240008738	Favorable

**2. RELACIÓN DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA NO EXERCICIO 2024**

No exercicio 2024 non se tramitou ningún expediente de anticipos de caixa fixa.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

**INCIDENCIA:** Abandona a sesión a Sra. Interventora sendo ás 19:26’.

**10 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ARRANXO DAS DEFICIENCIAS DO CENTRO CÍVICO SOCIAL DE PEDROSO.** . -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

**“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

O Centro Cívico Social de Pedroso atópase nunha antiga casa de pedra totalmente rehabilitada e foi inaugurado relativamente preto no tempo, xa que a súa inauguración data do ano 2018. Aínda que tan só ten 6 anos de uso as condicións nas que se atopa son totalmente lamentables.

Neste centro ensaia o grupo de teatro, fanse distintas actividades para a veciñanza e hai unha cafetería. O edificio está cheo de humidades en todas as súas paredes, ao redor das fiestras, auga que entra polo tellado e acumula nos plafóns de iluminación, mofo e fungos xa medrando, paredes nas que xa caeu a pintura...

Esta situación tan insoportábel está xa marcada polo cheiro ao entrar no centro, cheiro que se multiplica cando se accede ás aulas e despachos, un grave indicador de que xa é ata preocupante para a saúde das usuarias e usuarios do mesmo.

**Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:**

1. Que desde o concello se faga un estudo da situación actual do Centro Cívico de Pedroso.
2. Que se destine unha partida orzamentaria para o arranxo deste centro.
3. Que se faga un plan de mantemento do centro que perdure no tempo.

Narón, 12 de marzo de 2025

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-03-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación do ditame neses mesmos termos.

### **DEBATE**

-Sra. Ledo Díaz: si, grazas alcaldesa.

Decían as nosas avoas e os nosos avos, e din que as vivendas nun clima chuvioso como o noso precisan de solucións e habelas hailas. E por iso tradicionalmente na nosa terra e no noso país podendo ser os muros de pedra, de pedra granítica ou losa, que proporcionaban e proporcionan unha masa térmica que axuda a regular a temperatura e actuar de barreira contra a humidade. Se usan beirados pronunciados nos tellados saíntes que desviaban a auga lonxe dos muros das vivendas para evitar que a auga escorrese directamente pola fachada, había solucións constructivas, as vivendas se elevaban e se elevan lixeiramente do chan mediante un zócalo de pedra, unha ... o que evitaba ao final o contacto directo coa humidade do terreo. Tamén se utilizaban cámaras de aire para os muros e se utilizan, só hai que ver así algúns pazos e cousas por aí polo mundo. Para favorecer a ventilación e evitar a condensación usábanse materiais naturais e transpirables como pode ser a cal, para os interiores e exteriores porque a cal ao final absorve e permite tamén que a humidade se evapore evitando que quede atrapada nos muros, e tamén se favorecía, se sabía moi ben como ..unha casa e se favorece moito en Galicia nas vivendas tradicionais a ventilación natural, con chanelas e portas que permiten a circulación do aire e axudan a eliminar a humidade ao final interior.

Estas técnicas tradicionais froito da experiencia e de adaptación ao medio, demostraron e demostran ser moi eficaces para protexer as vivendas de pedra da humidade en Galicia,

porque falo das nosas avoas, dos nosos avos, e das medidas que se deben de tomar con seriedade porque o Centro Cívico Social de Pedroso, que se inaugurou a bombo e prato hai 6 anos, colleu unha vivenda en moi boas condicións, antiga, en Pedroso. Unha vivenda de muros de pedra, cunha ventilación natural que parecía estar en moi bo estado, e que agora mudou e se fixo por certo, unha terraza no primeiro plano con inclinación e fai que a auga vaia directamente adentro. É máis, hai unha piscina incluso en épocas estivais do verán. E tiña aquela vivenda, antes puidemos ver en fotografías, beirados pronunciados nos tellados, que xa non están, e de materiais transpirables e xa facía falta ver como estaban tamén situadas as xanelas e esa ventilación que agora mudaron, e xa non hai esa ventilación natural. E por que decimos esto? Porque nós xa no verán pasado, presentamos por rexistro a situación deste Centro Cívico Social cando o mofo non só mancha as paredes con manchas negras, senón que crece en vertical, en horizontal, o chan está destrozado, os cheiros son insoportables, as persoas alérxicas non poden estar dentro e están impedindo a actividade.

Se nos dixo que se ía a solucionar cando se deran as condicións. En xullo non se daban, eu tiña medo que se pensara que as condicións hidrófobas ían ser en outubro, novembro cando chove a cachón, pero bueno, o que se fixo finalmente foi pintar por fóra que en realidade é o que menos necesitaba, se tiña que modificar esas condicións das que xa estamos moi mal acostumados, cando se arranxan parar facer un centro cívico social, os locais das persoas maiores, por exemplo, o de Santa Icía, ou obras como a avenida de Santa Icía que quedou peor que a avenida que tiñan, etc.etc.

E digo esto porque a nosoutros se nos dixo que en Galiza había humidade, e que esa casa era vella e estabades mirando de arranxalo e poñer solucións; mais o tempo pasa e fixemos varios rogos en diferentes plenos despois diso, se nos dixo que se ía solucionar, entón traemos a moción para que.. xa que nos decides que si, que se resolva dunha vez, porque ademais a parroquia de Pedroso cremos que está bastante abandonada, non só polo concello eh, tamén polo Ministerio, con ese fronte que daría para outra moción que xa a presentamos aquí, e seguiremos tendo que presentar e mobilizarnos de mil maneiras, para que se cumpla coa nosa comarca nos termos de mobilidade, pero porque cremos que eso non é escusa. A verdade que non nos sorprendeu que no momento que nos dixera no, é que nos dixera o concelleiro que a casa era vella porque xa escoitamos por exemplo, cando se facía o local e caía a pintura das paredes, se nos respondeu hai 3 anos que en Galiza hai humidade; claro, xa sabemos que en Galiza hai humidade, é algo que levamos padecendo e algo que xa nos explicaron as persoas que viñeron antes de nós, como traballar con elas e como debería de facer os arquitectos e arquitectas de hoxe.

Esperamos que esta moción se aprobe por unanimidade, pola parroquia de Pedroso e por todas as vivendas de muros grosos que teñen dereito a ter a calidade e non os problemas de humidade que ten hoxe este centro cívico social. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Nós estamos a favor desta moción, consideramos que o concello non debe de ter edificios nesas condicións, fanse actividades continuamente e con persoas maiores e despois según os veciños do lugar parece ser que esto ben provocado porque cando se fixo, non se fixo nas condicións en que se debía ter feito.

A verdade é que desos temos bastantes exemplos con Tega. Entón bueno, imos a votar a favor e lles pedimos que dunha vez por todas se tomen as cousas en serio, e cando se fai unha obra que se faga en conciencia e sobre todo, principalmente que é algo que vimos reclamando dende este grupo, que sempre que as direccións de obra sexan feitas por funcionarios municipais que ao final actúan moito máis consecuentemente como teñen que ser as cousas na realidade. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: nós imos apoiar a moción. ... pois sí dentro dos nosos orzamentos, das nosas planificacións loxicamente está o mantemento e conservación de todos os edificios municipais, e como non podía ser doutra maneira este Centro Cívico Social de Pedroso é un máis deles.

E volvo a repetir. Estaba a concelleira Teresa Sabio que cogobernaba con nós daquela cando se puxo en funcionamento este centro do que estamos orgullosos .Loxicamente imos a votar a favor de levar a cabo esas actuacións, xa somos coñecedores deso e se manifestou que esa instalación tiña un problema de ventilación e se fixeron determinadas recomendacións acerca de cómo tiñan que ventilar, e de cómo tiñan que utilizar eses deshumidificadores para que estiveran en condicións adecuadas. Fixéronse labores de limpeza e de mantemento desas instalacións, loxicamente cando a situación sexa oportuna se volverá a realizar. E nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: Teresa Sabio, xustamente é desas avoas que nos explicou que era unha vergoña que se fixese un centro cívico social e que por certo, a concellería de obras de Terra Galega como tantas outras veces, terminamos tendo este resultado. E claro que nos lembramos dela, porque xa non temos .. e cando nos falan diferentes asociacións ou entidades, ou que teñamos que esperar tantos anos despois de que ela promovera a sinalética do espectro autista e que teñamos que ver como as están colocando hoxe no Pazo, despois de presentar unha moción o Bloque Nacionalista Galego xa hai 4 anos, que tamén o grupo que estamos hoxe aquí e pedir por numerables rogos que se considerasen. Hai un problema coas obras en Narón, nós non sabemos cal porque non entendemos en realidade, que sempre haxa problemas de tal envergadura. Queremos confiar que agora que si ides revisar eso, que sexa en condicións; pero a realidade é que se inaugurou un centro cívico social a bombo e prato e que hoxe non está nas condicións para facer ningunha actividade. Igual nos teríamos que pasar máis polas parroquias e pensar que todos os cidadáns e cidadás de Narón teñen os mesmos dereitos vivan onde vivan. Hoxe na parroquia de Pedroso, eso non acontece. Fáltanlle moitísimos servicios, fáltalles transporte, podería haber bono e convenir con taxis para que houbera transporte para o centro médico, ou para determinadas cousas, e que non saen tan caras e que fan noutros concellos, e hoxe o que non queremos é atoparnos escusas senón que se dea a solución a un centro cívico, ademais que se fixo un investimento grande. Me consta, que se pintara por fóra, supoño que custou pero que non era necesario, o que era necesario era solucionar o que estaba acontecendo por dentro nunha vivenda que por certo, estaba en moi boas condicións para estar pechada e cando se entregou, e para arranxar ás veces é necesario vender menos e facer máis, claro está.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. Ese edificio non está inutilizado para facer alí cousas, é dicir, ten unhas humidades nunhas paredes que xa se limparon nalgunha ocasión e evidentemente é unha rehabilitación dun edificio moi antigo. Que non é o mesmo que facer un edificio novo e creo que todos o sabemos. Alí se poden realizar todas as actividades e evidentemente como ben decía, e xa se dixo neste pleno, non se pode pintar cando existe un grado de humidade tan alto, e se está esperando a que melloren as condicións climatolóxicas para poder facelo.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

### **11 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, BNG E PSdG-PSOE A PROL DA CREACIÓN DUN NOVO ESPAZO CANINO NO PARQUE DO RÍO FREIXEIRO.**



. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Concello de Narón conta cunha ordenanza municipal aprobada definitivamente o 26 de outubro de 2018 referida a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos en virtude das competencias que lle outorga a lexislación vixente.

A vontade de dita regulación é velar pola protección, benestar, posesión e tenza responsable destes animais de acordo coa súa consideración de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica. No Título II recollese a protección e tenza dos animais de compañía (Capítulos I e II) onde se recollen moitas das obrigas que os propietarios dos animais teñen que cumprir para unha conducta responsable que asegure unha correcta socialización, na súa interacción co resto dos cidadáns e animais de compañía.

O capítulo III expón as condicións dos animais na vía e espazos públicos. Neste senso queremos aportar a nosa humilde opinión na procura de mellorar, non a ordenanza, senón a aplicación que se fai da mesma en dito capítulo.

A ordenanza no seu Capítulo III artigo 9 punto 5 recolle a posibilidade de habilitar espazos dirixidos aos animais de compañía, mal chamados parques caninos, dos que existen varios exemplos no concello. Actualmente nas proximidades do parque do Río Freixeiro agoniza un deles, parque canino que leva anos en continuo deterioro e que xunto coa súa errada localización exemplifica o efecto contrario polo que vela dita ordenanza municipal onde valores como a protección, o benestar e respecto dos animais, así como o fomento do coñecemento do mundo animal e harmonización dunha convivencia social pacífica non se cumpren, vulnerando dende as institucións as súas propias normas e obrigas.

O benestar animal ten un dos seus alicerces na capacidade de gozar libremente da relación cos seus conxéneros e ao noso entender existen alternativas mais adoitadas para respectar o espírito da lei e da ordenanza municipal. A nosa proposta vai encamiñada a conseguir un espazo libre, que xunte os dereitos e as obrigas dos propietarios co respecto ao resto da cidadanía. Permitindo que como seres vivos que son, poidan integrarse nos espazos públicos, e que estes axuden a súa socialización e interacción dentro do respecto as normas reguladas na ordenanza municipal.

**O artigo 10 deste mesmo capítulo habilita ao Concello a determinar espazos reservados para o recreo dos animais de compañía domésticos, a socialización e a realización das súas necesidades fisiolóxicas en condicións correctas de hixiene. O artigo en cuestión:**

**Artigo 10. Espazos reservados aos animais de compañía domésticos ou parques caninos**

1. O Concello poderá determinar espazos reservados para o recreo dos animais de compañía domésticos, a socialización e a realización das súas necesidades fisiolóxicas en condicións correctas de hixiene.
2. Os animais de compañía poderán estar libres, baixo a responsabilidade do seu propietario, neste lugares habilitados. De acordo co establecido na normativa estatal reguladora da materia e tendo en conta o ámbito competencia, esta condición non será de aplicación aos animais que teñan a consideración de potencialmente perigosos de acordo coa normativa vixente.
3. A utilización destes espazos rexerase polas seguintes normas de uso:
  - a. Estes espazos deberán estar pechados para evitar a fuxida ou a perda dos animais de compañía, polo que deben abrirse soamente o tempo estritamente

necesario para a entrada ou a saída.

- b. Estes espazos deberán ser utilizados responsablemente polos propietarios ou posuidores dos animais que deberán coidar os seus animais, evitando a fuxida dos mesmos e as loitas ou enfrontamentos con outros animais.
- c. Nestes espazos é obrigatoria a recollida inmediata dos excrementos dos animais de xeito hixiénico, depositando os mesmos nos colectores ou lugares habilitados polo Concello para a súa posterior recollida.
- d. Non se poderá alimentar os animais neste espazo, evitando así comportamentos agresivos entre os mesmos. Neste apartado non se inclúen.
- e. Non estará permitido o adestramento para ataque, defensa, garda ou similares. Si o estarán outras alternativas ou modalidades de adestramento de carácter non violento.
- f. Nestes espazos está prohibida a entrada de cadelas en celo.
- g. Prohíbese o paso de cans con correa de dentes ou puntas, así como introducir materiais punzantes ou cristais no recinto.
- h. Están prohibidos xogos que impliquen agresividade ou competición entre cans.
- i. Está prohibida a entrada de menores nos recintos, agás que o fagan acompañados dun adulto.
- j. Os cans que manifesten un comportamento agresivo deben ser retirados inmediatamente do recinto.
- k. Queda prohibido o uso de recinto para calquera outra actividade que non sexa o espaxamento dos cans.

Por todo isto, instamos ao Concello de Narón, en base as directrices da Ordenanza Municipal sobre protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos no seu Capitulo III artigo 10, á aprobación dos seguintes puntos:

1. **Crear un novo espazo reservado para estes seres vivos no Parque do Río Freixeiro na zona sinalada no anexo 1.**
2. **Manter ese espazo pechado e nas condicións naturais nas que se atopa actualmente sen engadir elementos innecesarios para o desfrute dos animais.**
3. **Acondicionar dito lugar coa necesaria dotación dunha fonte de auga e algunha luminaria que elimine as zonas de escuridade como elemento de seguridade nos meses de outono e inverno.**
4. **Se da liquidación orzamentaria do 2024 quedaran remanentes dispoñibles consignarase a conta dos mesmos unha partida económica suficiente para a realización deste espazo. Si non fora así comprometerase unha partida nos próximos orzamentos.**

**Narón, 12 de marzo de 2025**

OLAIA LEDO DÍAZ

Voceira do BNG

GERMÁN CASTRILLÓN PERMUY

Voceiro do Partido Popular

SILVIA Mª DE ARRIBA FERNÁNDEZ

Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por maioría (coas 5 abstencións dos membros de TEGA; e os votos a favor do PP -3-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-03-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

## DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Nós non nos centrariamos neste espazo canino soamente. A nosa proposta vai máis aló. Sería estender á totalidade do Concello de Narón as zonas de espaxamento canino tal e como se fai noutros lugares e concellos como o da Coruña que están compartidos estes espazos para o disfrute tanto das persoas como dos animais, con franxas horarias.....

-Sra.alcaldesa: por aclarar, está suxerindo que votemos que quede enriba da mesa?

- Sr.Ulla Rocha: no, estou falando, como dixen, de ampliar a todo o concello os espazos para compartir todos/as veciños/as e cans con franxas horarias especificadas para uns e outros e incluso variando estas segundo a estación na que nos atopemos, horarios específicos según sexa verán ou inverno.

-Sra.Ledo Díaz: ben, boas tardes de novo. Esta é unha proposta da veciñanza que vemos factible e que ademais vemos necesaria, no. E que pode ser compatible con construción doutros parques caninos e atendendo a diferentes zonas e barrios de Narón. Decímolo porque estas semanas nos decían “oie pero se xa se vai facer un gran parque canino” como se tivesemos que escoller, cando sabemos que en Narón e no resto das cidades do país e no resto das aldeas a día de hoxe, hai máis cans que por exemplo, nenos e nenas. E eses cans teñen os seus dereitos, ademais que cumpren funcións moi importantes dentro da sociabilidade e beneficios moi importantes para as persoas que conviven con eles.

Cremos que é moi interesante esta proposta porque é verdade que se estudamos o parque Freixeiro, hai unha zona despois do río na que non se fai un uso moi multitudinario, entón como sabemos que esta proposta tamén se achegou a quen goberna hoxe e queríamos que polo menos, valera para reflexionar e para ver que se poden facer outras cousas. Porque queremos deixar claro unha cousa, é verdade que o Bloque Nacionalista Galego, hai 2 meses presentou unha moción pedindo un parque, unha área de esparcemento grande con árbores, con zonas de merendeiros, onde calquera persoa puidese ir alí, calquera familia a pasar o día sabendo simplemente que os cans estarían ceibes, cremos que eso hai que diferenciarlo das necesidades específicas que se teñen en barrios, e mais na oitava poboación deste país. E mais perdoade que volo diga, en Freixeiro, porque o parque canino de Freixeiro hoxe, dá pena, dá pena, ten unha fonte que non funciona, está roto, a entrada non é accesible para nada ... a xente está poñendo directamente....., é moi pequeniño, o acceso de hedra e tamén é difícil para persoas con mobilidade reducida, e nós, bueno, que sempre vimos co mesmo, pero dende o Bloque Nacionalista Galego cremos que o espazo público é un ben de primeira necesidade onde todos e todas temos que ter cabida, de todas as xeracións, independentemente do noso xénero e da nosa condición social, e da nosa clase, de onde veñamos, temos que crear espazos públicos onde se poda estar.

Que non sexa expulsada a xente, e ao final cando temos parques caninos o que vemos en condicións, podedes ir á Coruña, podedes ir a outros sitios onde se está facendo nas condicións axeitadas e máis agora repito, que os cans son unha parte moi importante do noso concello e das vidas en xeral, é necesario, vos tedes esas zonas, e estar perfectamente coidadas porque ademais se crea comunidade e a xente procura que estean en boas condicións e se limpen de maneira axeitada, cousa que moitas veces non ocorre noutras situacións. Entón temos que legislar o espazo público, que aí por certo, si que é o 100% competencia dos concellos, e temos que facer porque a xente poida disfrutar dos seus cans e tamén que os cans poidan vivir e pasear en condicións dignas e habilitando esas zonas.

Xa digo hoxe en Freixeiro, pero tamén mañá en Santa Icía e noutras zonas, independentemente que agora teñades mercado un terreo, que xa tiñades con anterioridade na Gándara, porque ademais non nos parece o sitio idóneo. Non hai sombra, está afastado de todo, será só para levar... nós non cremos nese tipo de mobilidade. E xa se queredes ver as partes positivas, unha nós queremos que se regule no barrio de Freixeiro porque ao final crear eso, é crear un servizo que si se considera por certo, no plan de mobilidade que se aprobou no concello de Narón, do cal en 11 temas, se fixo máis de 100 propostas do Bloque Nacionalista Galego, algo que quixeron terxivesar no seu momento, pero que é así, son máis de 100 propostas; non o decimos nós, o di o propio equipo redactor do plan de mobilidade, aparece como servizo este tipo de parques, e poder ter zonas confortables para os nosos animais e ademais pois tamén sería por exemplo, un bo momento para ese turismo que se quere vender de Narón, porque a xente se tes parques para os teus cans, pois tamén te achegas a Narón para disfrutar e ter ese punto de encontro, de convivencia e no que todos e todas saian beneficiados.

Por eso cremos que esta moción realmente se pode aprobar, e se non é así que leve a unha reflexión, que se fale coas partes que o están solicitando, e que se poida chegar a acordos porque nin é tan caro o que se está pedindo, non o é, é necesario, e ademais non estaría expulsando a ninguén doutro sitio porque o parque infantil está na outra parte, e aí non se está facendo uso, hoxe en día, del. E os cans necesitan tamén estar soltos en un espazo seguro onde os seus donos e donas tampouco estean preocupados porque poida acontecer algo cos seus cans.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Esta moción é unha solicitude realizada por un grupo de veciñas e veciños que habitualmente leva a pasear os seus animais de compañía polo entorno do parque Freixeiro. É unha zona que se presta para a dita actividade pola extensión e a zona onde está, polo seu fácil acceso e porque é o lugar máis amplo e próximo aos distintos núcleos de poboación, como é a zona de Freixeiro, incluso dende a zona próxima á vía, e incluso dende Freixeiro, praza de Tranvías, as Torres entre outros.

Son moitas as persoas que baixan a diario, e polo tanto creo que non hai unha zona para que eles se poidan soltar da correa aos cans e polo tanto, a zona que se propón que aparece na moción pois é unha zona que separa da parte do parque infantil e de xogos, polo tanto creo que sería esa zona ideal para poder utilizala.

Despois creo que non é un custo elevado, e dende logo sería unha boa obra para que o equipo de goberno actuara e o fixera, porque creo que é unha demanda necesaria e que ademais e como decía antes, abarca unha zona importante e creo que aparte deso os parques que actualmente temos na zona de Freixeiro, o parque canino que non está nunhas condicións axeitadas e é moi pequeno.

Non me vou a estender máis, creo que está todo dito, creo que é unha moción que recolle as necesidades do entorno e polo tanto, esperamos e desexamos que o goberno tamén vote a favor e polo tanto, que o máis pronto posible se poida realizar esa obra.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, dende Terra Galega é evidente a nosa aposta polos parques e pola convivencia non só das persoas, senón tamén cos animais.

Recordo que temos na actualidade 4 parques actualmente, o do Cadaval de 900 m2, a Gándara de 1000 m2, Virxe do Mar 900 e Xuvia 800. Dentro do noso programa vai incluído tamén

unha grande área para facer un gran parque na zona da Gándara e dende logo a nosa aposta é importante.

Si que é certo que quen goberna ten unha serie de responsabilidades, entre elas pode ser buscar a idoneidade dese parque e nos encontramos con varios problemas, o primeiro é a cercanía do río fai que esa zona sexa inundable, onde seguramente ter un peche e xa non nós, senón que dubidamos por consulta, que Augas de Galicia autorice ese peche porque se hai un desborde, non deixa de ser unha situación dese desborde do río, podería aumentar os danos a causa desto. Aparte que temos unha zona que está habilitada e demais e está tamén o paseo da Camelia onde se vería afectado porque o peche collería parte do mesmo.

Por outra banda, neste pleno tamén se fala de determinadas cousas sobre o estado no que se encontra o parque canino do Cadaval, por unha banda especificar que o mantemento deste pertence a ACUAES e calquera deterioro se lles comunica e eles fan o mantemento do césped e do peche. De todos xeitos agradecemos á cidadanía, que se ven algún deterioro que nolo comunique.

Onte fumos por alí e a fonte estaba sin funcionar e a día de hoxe xa está amañada. (*O Sr. Romero amosa unha foto do mesmo*). Loxicamente calquera responsabilidade, o césped, o peche ou calquera cousa lles pasamos calquera notificación que sexa necesario para que poidan arranxar .... Por eso cremos que esta moción, que temos a solicitude da veciñanza, e para nada estamos en contra de seguir traballando neste sentido pero non temos a nosa confianza de que esta zona sexa a máis idónea. Polo tanto, imos a votar en contra.

-Sra.Ledo Díaz: ben. Eu a verdade é que viña en son de paz, non ía a intervir agora pero que temos as imaxes, eu de verdade eh, quiteinas eu mesma hai uns días, pero é o que hai eh, e a fonte alegrámonos que funcione dende hoxe e a demostración desa frase que xa se escoita por Narón de que Tega non fai, a Tega se lle obriga a facer cando obrigan as circunstancias. Isto que está roto igual o quitaron e agora xa non aparece así, en fin, este é o container que hai nesta entrada e esta entrada .... Os veciños ademais .. que se anega cando falamos de que non se pode facer á beira do río, esto señores de Terra Galega anégase. De verdade que se anega, aparte de que espero xa que estamos así positivos e nos poñemos a facer, que desbrozades a entrada porque dígovos que a hedra ou sexa, sae das paredes, ou sexa é imposible pasar por aí. É máis e vos sabedes que eu teño fillos, levei o outro día ao máis pequeno casi se me cola polo parque polo medio alí pola... dunha verxa que hai, igual tamén temos que vixiar eso por seguridade. Xa que falas de Augas de Galicia e de permisos, encantados que estamos de que faledes algunha vez con Augas de Galicia por exemplo.. pois non sei volvemos outra vez á parroquia de Pedroso e nese vertedoiro que decides vos que a infraestrutura onde se está vertendo contaminación e os veciños están máis que preocupados, pois xa que a ver se realmente se pode facer aí o parque, ese permiso xa que estamos así de positivos e de paso tamén preguntamos ao respecto desas analíticas e quen sabe, incluso facelo directamente o propio concello polo interese xeral da saúde dos veciños e veciñas. Eu creo que é importante que atendamos esta demanda, se non é aí que se faga en Freixeiro un parque en condicións. E tamén sorprendeume que digades que hai un parque de 1.000 metros na Gándara porque según anunciaron a semana pasada, unha vez máis Tega fai cando se lle manda, porque veña esta moción a pleno e decides que en varias semanas estará feito, esperemos que si, e queremos confiar de verdade e honestamente queremos confiar en que sexa feito porque como sexa como a piscina do Couto que ía estar feita.... Xa non sei creo que é unha proposta histórica. Igual vimos as seguintes eleccións, e volve a estar no programa. Pero bueno, están con demoras e demoras, pois a ver se esas varias semanas, contarémolas entendo que da quinta semana xa poderemos falar de meses e bueno....



-Sr.Castrillón Permy: grazas Sra.alcaldesa, bueno, a verdade é que xa nos teñen acostumados, cando se mete unha moción dalgún tema, pois loxicamente vostedes intentan solventar as problemáticas que poida haber. Neste caso, pois todos somos conscientes de cómo está o parque de Xuvia, de cómo está o parque do Cadaval e de cómo está o parque de Virxe do Mar, no. E resulta que estes días despois de que se rexistrou esta moción, vostedes se preocuparon do mantemento, de reparar a fonte, e as fotos que pedían que cando fóra reparada a fonte que lle mandaran a foto actual de cómo está o parque, si, vale, correcto, da zona que está ben; tiñas que ver a outra parte ... eso é un pouco o que soedes facer. É triste que teñan que actuar vostedes así despois de tantos anos que levan gobernando, xa debían de ter experiencia e non que ocorreran estas cousas. E que me sorprende, pero en negativo. E despois, sobre eses parques que vostede fala, teñen outra dificultade. É dicir, unha que non teñen mantemento, outra que son pequenos, outra que as instalacións que instalaron o material é pouco recomendable porque é de madeira, e debía de ser de pvc e debía ser desmontable e aquí neste caso, non se lles está pedindo nada deso. E unha moción que prepararon, como dixen antes, as veciñas e veciños do entorno onde van cos seus cans ata alí, e polo tanto, eles non necesitan deses aparatos, para que os cans teñan un espazo amplo para correr e para poder estar soltos.

Considero que estar próximo ao río non debe ser unha dificultade. Porque que casualidade que o desbordamento do río é por unha esquina, especialmente e non afecta practicamente a esa zona. Si que hai unha humidade importante na parte baixa, pero tamén é algo que onde hai distinto terreo para que os cans poidan estar en distintas.... Polo tanto, a nós nos agradaría, de verdade, que se comprometeran hoxe aquí con facer esa obra e ademais creo que é unha obra con pouco custo económico, que creo que este concello ten suficientes remanentes e suficientes posibilidades, para poder arranxar e para facer este parque.

Espero e desexo que voten a favor e que non sigan actuando así, porque posiblemente así nos dá motivos para seguir presentando estas mocións, para que vostedes fagan o mantemento de todos aqueles servizos que non teñen ao día actualmente. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, nós non nos negamos a sentarnos cos veciños para que mellore a convivencia entre a cidadanía e o uso dos parques. Por suposto que estaremos encantados de sentarnos con eles para chegar a acordos. Nunca nos negamos a eso. Creo que o que decimos e plantexamos é que non cremos que esta sexa a forma máis correcta. Si estamos dispostos a buscar solucións, ver as franxas horarias e intentar chegar a acordos, pero esta moción se basa nun parque en particular, e nós non vemos a idoneidade deso. Agora sentarnos a falar, por suposto; por suposto hai unha diferenza entre quen goberna, e por agora sempre estivo na oposición que loxicamente nós traballamos 30 días ao mes e vos non, entón a nosa labor é de todos os días e loxicamente nós non estamos aquí só e estamos todos os días a traballar polos veciños do noso concello.

E volvo a repetir, a fotografía é de hoxe, non é de antonte ou tal... é de hoxe. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: aquí podemos falar de moitísimas cousas. É dicir, de que ese parque é mellorable, si, sempre. Todos os parques son mellorables. Que ese mantemento é mellorable? Si, sempre. Como decía neste caso, non é un parque que esté mantido como os parques propios do concello. Ese parque está en terreo, unha cesión por ACUAES e creo que ata é unha boa xestión que alguén esté máis. Cando está mal se lles pasa aviso. Si que é verdade que non temos a celeridade coa que facemos nós ese mantemento.

Hoxe mesmo, onte estivemos alí, esas fotos son de hoxe, e é tan doado que se pode demostrar a que hora se fixo a fotografía. Digo esto, é dicir, fumos a comprobar como estaba, esa fonte estaba mal e se amañou e de feito, se pretende cambiar de sitio porque por cuestións de desaugue probablemente esté mellor noutro lado. Tamén se veu que na entrada se pode poñer unhas celosías para que non... evidentemente que é unha zona de campo, pasa nese campo como noutros sitios que tanto que se pisa no mesmo punto, que se acaba quitando a herba. Si que é lóxico que non ten un césped perfecto en todo o entorno máis que nada porque alí hai mascotas, que xogan, que caban, e eso dificulta que sexa un césped como un campo de fútbol. De aí a que esté totalmente abandonado, de que só quepan 4 mascotas, non é así.

Si que é verdade e decía e neste caso, que todo se pode mellorar, máis eso é sempre. Pero as dificultades de poñer nesta propia moción eu de verdade, e falar de horarios, e falar coa xente, nós somos un concello que como ben decía Román, pioneiros en ter parques destas características. Que eses xogos agora non valen porque son de madeira, en teoría son xogos homologados para este tipo de instalacións. Que co tempo se vai vendo que son mellores outros, pois pode ser, pero naquel momento cumpría coa normativa para establecer un parque desas características.

Cando gobernas, tes que ter prioridades e me facía gracia porque Pedro se ría cando falabamos de zona inundable, está determinado que esa zona é unha zona inundable, entón a priori e cunha consulta técnica non van autorizar para que se faga aí, porque aparte hai un artigo que di que na zona de fluxo preferente do río Freixeiro, R. Seco.... E outros máis só poderán ser autorizadas actividades non vulnerables onde as avenidas non supoña unha redución significativa da capacidade de desafoego desa zona. Non é por capricho que non queiramos facer aí. E por un motivo, é dicir, sentarse a dialogar e a falar, o que decíades, facemos cumprir a normativa, igual estas persoas non a cumpren, é verdade, pero que si temos moitísimas, moitísimas queixas de xente que se atopa en parques con cagadas de animais, que van pola rúa con cans potencialmente perigosos sin bozal, sin cadea; é dicir, temos que tratar de que todos os veciños e veciñas de Narón convivan. É dicir, igual eles non son, se eles non son non terán ningún inconveniente en que se sancione ás persoas que fan mal as súas cousas. Entón a min falar, de verdade que non temos inconveniente. Si que é verdade que si nos centramos no que pon esta moción, nós non podemos votar a favor e non podemos votar a favor polo que acabo de dicir, porque non se vai autorizar para facer eso.

E o que decía neste caso Olaia de 3 semanas, 4 ... nós anunciamos que estamos valorando facer este parque nesa zona. E sei que me vas a dicir “pero eso non limita facer outros” evidentemente podemos facer un en cada esquina, tampouco temos orzamento para tanto. Tamén é verdade é dicir, o orzamento deste concello non é un chicle que se estira e podamos facer 50 parques caninos, nin 50 parques caninos nin 50 parques infantís, nin tal.....

Vontade de chegar a acordo e establecer por franxas horarias no que se poida, sen ningún tipo de problema. O que trae esta moción no, porque non podemos. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A favor

BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

## **12 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DA**

## **CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE VIVENDAS.** -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**Do grupo do PSdeG-PSOE reclamando “INSTAR AO GOBERNO Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA DE SUBVENCIÓN DE OBRAS DE ACCESIBILIDADE EN ELEMENTOS COMÚNS DE VIVENDAS”.**

### **EXPOSICION DE MOTIVOS:**

En Narón existe un importante parque de vivendas construídas en décadas pasadas que non contan con ascensores ou con outras medidas de accesibilidade adecuadas. Esta situación xera graves dificultades para as persoas con mobilidade reducida ou de avanzada idade, limitando a súa autonomía e a súa capacidade para acceder aos seus fogares dunha maneira digna e segura. En moitos casos, estas persoas vense na obriga a permanecer confinadas nos seus domicilios ou a afrontar custosas reformas que, en ocasións, non poden asumir economicamente.

Ante esta realidade, o Concello de Narón ten que actuar con responsabilidade e impulsar políticas públicas que fomenten a inclusión e a igualdade de oportunidades, garantindo que todas as persoas, independentemente da súa condición física ou idade, poidan vivir en condicións de dignidade e accesibilidade. Por iso, propóñese a creación dunha ordenanza que estableza unha liña de subvencións destinada a financiar obras de accesibilidade nos elementos comúns das vivendas, con especial atención á instalación de ascensores.

### **Obxectivos da Ordenanza:**

1. **Facilitar a accesibilidade:** A ordenanza ten como obxectivo principal facilitar a accesibilidade ás vivendas das persoas con mobilidade reducida e maiores de 70 anos, eliminando barreiras arquitectónicas que dificultan a súa mobilidade e autonomía.
2. **Promover a inclusión social:** Ao garantir o acceso ás vivendas, promóvese a inclusión social destes colectivos, evitando situacións de illamento ou exclusión derivadas da falta de accesibilidade.

3. **Mellorar a calidade de vida:** A instalación de ascensores e outras medidas de accesibilidade contribuirá a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas, permitíndolles disfrutar dunha maior independencia e seguridade no seu día a día.
4. **Fomentar a rehabilitación de edificios:** A ordenanza tamén busca fomentar a rehabilitación do parque de vivendas máis antigo, contribuíndo á modernización e mellora das condicións de habitabilidade dos edificios.

### Características da Subvención:

- **Cobertura económica:** A subvención cubrirá ata o 50% do custo total das obras de accesibilidade, cun máximo de 6.000 euros por vivenda. Este importe permitirá asumir unha parte significativa dos gastos, aliviando a carga económica para os beneficiarios.
- **Priorización de colectivos vulnerables:** Darase prioridade ás solicitudes presentadas por persoas con mobilidade reducida ou maiores de 70 anos, asegurando que os recursos se destinen a quen máis o necesitan.
- **Obras subvencionables:** As obras subvencionables incluírán a instalación de ascensores, ramplas de acceso, plataformas elevadoras e outras medidas que melloren a accesibilidade nos elementos comúns das vivendas.
- **Procedemento áxil e transparente:** Establecerase un procedemento áxil e transparente para a solicitude e concesión das subvencións, garantindo que os trámites sexan sinxelos e accesibles para todos os cidadáns.

### Xustificación da Medida:

A creación desta ordenanza xustifícase pola necesidade de adaptar o parque de vivendas de Narón ás demandas actuais de accesibilidade e inclusión. Ademais, esta medida aliñase cos principios da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, así como cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, que promoven a creación de cidades e comunidades inclusivas e accesibles.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

### ACORDOS:

**1.- Instar ó goberno municipal á creación dunha Ordenanza de Subvención de Obras de Accesibilidade en Elementos Comúns de Vivendas no Concello de Narón que**

outorgue aos beneficiarios unha subvención do 50% do custo total das obras de accesibilidade, cun máximo de 6.000 euros por vivenda.

2.- Instar ao goberno municipal a dotar nos orzamentos municipais o importe necesario para o desenvolvemento da antedita subvención.

3.- Instar o Goberno a constituír un equipo de técnicos municipais que se encargue de asesorar e dar prioridade ás solicitudes así como facer un seguimento para unha boa **execución** (*emenda presentada polo PP e aceptada polo PSdeG-PSOE*).

Narón a 17 de marzo de 2025.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE”

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor do PP -3- e PSdG-PSOE -1-; e as abstencións de TEGA -5- e BNG -2-) na Comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas celebrada en data 20-03-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

### **EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR A ESTA MOCIÓN**

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

#### **EMENDA DE ADICCIÓN**

**A Moción do PSdeG-PSOE sobre “Instar ao Goberno á creación dunha ordenanza de subvención de obras de accesibilidade en elementos comúns de vivendas”.**

3.- Instar o Goberno a constituír un equipo de técnicos municipais que se encargue de asesorar e dar prioridade ás solicitudes así como facer un seguimento para unha boa execución.

Narón, 25 de marzo de 2025

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular”

### **DEBATE**

-O Sr.Ulla Rocha presenta a moción onde se insta ao goberno municipal á creación dunha Ordenanza de Subvención de Obras de Accesibilidade en Elementos Comúns de Vivendas no Concello de Narón que outorgue aos beneficiarios unha subvención do 50% do custo total das obras de accesibilidade, cun máximo de 6.000 euros por vivenda e a que se dote nos orzamentos municipais o importe necesario para o desenvolvemento da antedita subvención. Asimesmo, confirma que o seu grupo **acepta a emenda presentada polo PP** de “Instar o Goberno a constituír un equipo de técnicos municipais que se encargue de asesorar e dar prioridade ás solicitudes así como facer un seguimento para unha boa execución”

-Sr.Carballeira López: boa tarde.

Bueno, no BNG soemos insistir cunha morea de mocións con infinitas referencias de adaptación para uso de todas as persoas, normalmente dun espazo público, véxase na anterior que se pedían uns parques caninos accesibles, porque un espazo canino onde se poda acceder

cunha cadeira de rodas, se pode acceder a pé normalmente e vale para todo o mundo; porque unha porta que ten unha sinal que vale para persoas que teñen espectro autista vale para todas as persoas. E é certo que un edificio ao que se pode acceder cunha mobilidade reducida e podemos acceder a xente que non temos ningún problema de mobilidade. E nos centramos moito neste tipo de mocións porque ademais é unha competencia 100% do concello. É certo que falando das vivendas privadas aí quen ten a competencia normalmente é a Xunta. Pero tamén é certo que en Narón temos unhas características especiais. O Sr.Ulla nomeou algún barrio pero podemos poñer máis, o barrio de Piñeiros ten moitos edificios de 3 alturas, 4 nalgún caso, que tampouco teñen ascensor.

E cremos que hai que actuar porque hai un número alto de vivendas baleiro, que está quedando sen valor. Hai barrios como o da Solaina que necesitan unha remodelación e o BNG tamén defendimos a creación dos plans directores, creouse para A Solaina e que abogaba pola creación destes ascensores, incluso nalgúns casos podéndose compartir entre edificios, nós cremos que ..... hai que darlles uso, hai que actuar para que saian adiante. E é certo que vendo estas características que ten Narón, cremos que o concello pode actuar, tamén ten competencia para sacar esta subvención.

Preocúpanos moito sempre que facemos unha subvención se leve a cabo, o que queremos facer é que as subvencións se leven a cabo, por eso intentamos sempre buscar o compromiso do goberno. É certo que neste caso, hoxe deuse conta aquí da liquidación dos orzamentos de 2024, vemos que seguimos a ter partidas das que non se están executando, das que poder sacar un orzamento para esta subvención e bueno, cremos que debíamos de ter todos o compromiso para que unha vez isto aprobado aquí, que non quede só nunha moción bonita que se leve a cabo, cando non hai un compromiso polo goberno, pois temos o problema pois como temos agora.... Estas subvencións agora mesmo están existindo por parte da Xunta pero se non hai un compromiso de que isto saia para adiante, de que isto mude de verdade a realidade, pois queda aí en nada no, que é o que está pasando con estas subvencións da Xunta, que están aí pero a xente non as está usando, non se están facendo estas adaptacións. Entón pois bueno, estamos de acordo con esta moción e esperemos que se leve a cabo.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Referente a esta proposta, agradecer a admisión da emenda presentada por este grupo.

A nosa emenda vai dirixida a constituír un equipo técnico do departamento de Urbanismo para que teña prioridade á hora de asesorar e dar prioridade ás solicitudes e así poder minorar no posible, o tempo para obter a licenza de obra.

A maioría destas comunidades de veciños ou mesmo os particulares, adoitan solicitar subvencións, pode ser ao Concello como se recolle nesta moción, ou mesmo a outras administracións, como pode ser a Xunta de Galicia. E polo tanto, é moi importante que haxa ese asesoramento, esa axilidade á hora de dar esa licenza e unha vez que saia a resolución, que poidan optar a facer a obra e que lles dé tempo a adxudicar a obra. Por eso sabemos que hai un tempo prolongado na concesión das licenzas neste concello e polo tanto, é un pouco a solicitude que propoñemos.

Cando se conceden as subvencións hai uns prazos para realizar a obra, ese é un dos motivos polos que se debe axilizar o proceso para conceder a licenza e poder xustificar as axudas.

Grazas por aceptar a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, a aposta deste concello pola accesibilidade creo que é clara e palpable. Todos os anos temos... unha partida importante para accesibilidade e neste caso,



estamos falando doutra cousa; por unha parte a competencia de vivenda non é municipal, é da Xunta e tamén un dos maiores problemas que temos na administración pública precisamente os problemas de .... que por culpa de asumir competencias propias sen ningún tipo de dotación fai que as contas da administración local... detalladamente sen nada ..... é máis complicado poder levar as tarefas que non son propias. Vemos inadecuado primeiro porque creo que xa se dixo, a Xunta de Galicia quita todos os anos unha liña de subvencións para exactamente para isto... de feito non sei se foi onte ou hoxe, sae esa convocatoria de axudas para esta mesma solicitude.

Pola nosa parte o concello si que ten bonificación para este tipo de obra na vivenda, e o concello bonifica un 95% do icio para todas aquelas obras desta índole, e cando veñen unha serie de propostas como esta, o pleno volvo a repetir, como dixen antes da oposición, gustaríanos que viñera acompañada tamén de que partidas orzamentarias imos a eliminar, ou que se vai deixar de facer neste concello para poder levar a cabo esta liña axudas.

Polo tanto, loxicamente a nosa responsabilidade segue presente, seguimos traballando e de feito os nosos presupostos os orzamentos o mostran, esas inversións que facemos en accesibilidade .....

-Sr.Castrillón Permy: a verdade me fai graza o Sr.portavoz, porque apunta vostede á accesibilidade e resulta que acaba de facer unha obra no centro de xubilados de Santa Icía e a primeira planta non ten accesibilidade para as actividades. E hai menos dun ano que a entregaron. É necesario que sexan coherentes e que vexan a realidade no, é algo a verdade que me entristece, que non creo que esta sexa a forma de actuar para un goberno como o que temos aquí en Narón, no. A verdade é que se teñen que mirar o que din porque é complicado que vostedes nos poidan dar leccións de cómo se actúa. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: falabamos antes de Santa Icía e é verdade.....aquí hai partidas onde hai uns límites máximos para invertir sexan como sexan as intervencións ... non podemos dicir que as vías, e obras e servizos públicos se está traballando para a accesibilidade porque agora o que si que se pode dicir que cada vez que se fai unha obra na vía pública, a lei obriga a que sexa accesible, entón non é unha idea que descubrimos en Narón, a lei obriga a isto e de feito, habería outras moitas cousas que facer que non se están a facer a día de hoxe, por exemplo, o Plan de mobilidade aprobado neste pleno no período anterior.

Tamén quería dicir que hai milleiros de vivendas baleiras en Narón, precisamente se crea .. e eso sábeo moi ben a xente que estudia xeografía de espazos urbanos, poñemos un exemplo: barrio de Santa Icía. Hai un piso que queda abandonado nunha planta, marcha o da vivenda, cando queda só unha persoa termina marchando dese edificio, e está baleiro e non é que queira ir precisamente, por unha cuestión de inseguridade. Se imos pola Estrada de Castela podemos ver os edificios que hai baleiros, falábase antes do barrio de Piñeiros, acontece en calquera barrio do noso concello, xa non falemos das casas da zona do rural que están abandonadas e xa por outro tipo de condicionantes. Pero o que é unha realidade é que nós temos que actuar sobre eso e a realidade é que a accesibilidade debería de estar en todas partes, e aquí nós queremos centrarnos na parte dos accesos nas vivendas e repito, hai un plan director que se fixo e estando vostedes gobernando, e que nos pareceu moi positivo co plan director de Santa Icía, gardado nun caixón e que precisamente é mandar aplicar..... estas medidas. Entón se hai concellos que o están realizando pois ao mellor o concello de Narón o pode facer. Entón consideramos que isto é de interese xeral.

Polo tanto, é importante poder chegar a acordos deste tipo. E ademais eu si que pediría unha cousa, que na política coma todo toca ser humilde, non dicir sobre gobernar, non gobernar

porque ademais en democracia, a oposición fai un traballo fundamental que é fiscalizar o traballo do goberno, intentar cumprir o que nós consideramos no noso caso que é o mellor para os veciños e veciñas, entroutras cousas unha serie de temas que levamos no noso programa electoral, que pouco a pouco, cales formiguiñas vamos conseguindo. Se non o conseguimos no pleno hai outras maneiras de conseguilo pero eso non quere dicir, non pasa nada por non ser perfecto, ninguén vai en contra nin quere facer un complot contra ninguén, simplemente estamos aquí para dar a nosa opinión e para eso están os plenos porque aquí estamos representando ao pobo de Narón todos e todas nós. Entón con humildade temos que traballar e facer a política que nós cremos necesaria digan o que nos digan.

-Sr.Romero Franco: con humildade non sei se neste pleno se traballa así.... leccións ao mellor o Partido Popular neste pleno pois non sei eu....

E si, ogallá, o dixo Marián antes, ogallá o orzamento deste concello fóra infinito... daríamos este tipo de axudas, que xa está dando a Xunta de Galicia volvo a repetir, cando nós estamos bonificando o 95% dese icio pero tamén porque non dar algunha liña de axuda para outras cousas.... Por que? Por poder se poden facer moitas cousas.

E acerca de se os impostos de Narón, son máis elevados, creo recordar que hai como mínimo 12 anos que neste concello non se suben. Gustaríame saber de concellos onde vos gobernades, xa non digo máis, donde vos gobernades dos últimos 4 anos cantas veces se subiron os impostos. Nada máis. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: lonxe dese debate nós non estamos en contra de que se suban os impostos , o debate non é ese, ..... os orzamentos ten que ser esa ferramenta onde ten que dirixirse a política municipal para atender as necesidades dos/as nosos/as veciños/as. Eu creo que hoxe se está plantexando esa ... cando hai partidas que quedan sin executar porque creo que é unha ferramenta e que poden ser derivados a crear esta liña de axudas para os veciños e veciñas de Narón.

-Sra.alcaldesa: bueno, respecto do que decíades, agradezo antes Jorge que cales eran as competencias neste caso da Alcaldía, cales eran ... porque aquí se fala varias veces de que non damos cumprimento a determinadas mocións que se aproban; é dicir, e o decía ben el, que evidentemente teñen o valor dun rogo, é dicir, se fan un rogo e nós como goberno, que ten neste caso competencia e logo non o quere realizar non está obrigado a facelo. Que quede claro.

Con respecto a este tema, neste caso, deste plan director, si que de aí sae a necesidade ou a posibilidade de facer unha oficina de transformación comunitaria, que está neste caso, no departamento de Intervención para facer esta contratación. E é algo no que promovemos que dentro desas cousas que se van a levar a cabo, esa agrupación de distintos veciños que comuniquen ou que linden cunha medianera para que poidan ter neste caso pois tamén ascensor.

Pero como decía neste caso, temos esa bonificación de Icio, hai unhas subvencións... que no me quedou moi claro o que decía Eugenio, hai unha subvencións, exactamente iguais pola Xunta de Galicia. Decías que non as utilizan, se non as utilizan serán porque non as necesitan. Non sei por qué. Realmente o que se quere facer a través desa oficina é tratar de dar toda esa información, neste caso, a ese barrio da Solaina, que calquera persoa que se achegue por alí para levar esa información de como pode mellorar neste caso a nivel de accesibilidade, ou a nivel doutra serie de cousas como unha envolvente térmica. E dicir, para que esa oficina de

transformación, é dicir, é unha aposta neste caso deste goberno, porque non creo que haxa moitos concellos por aí que a teñan. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A favor

BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

**13 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOSTA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA PARA SOLICITAR O APOIO Á MANIFESTACIÓN DO DÍA 6 DE ABRIL.** -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“Dona Olaia Ledo Díaz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN** proposta pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- **Máis Atención Primaria:** Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.
- **Máis Atención Hospitalaria:** utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.
- **Máis Sanidade Pública:** incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita á corporación municipal do concello de Narón a aprobación dos seguintes **ACORDOS** propostos pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

- 1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública**
- 2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela.**

En Narón a 28 de Febreiro de 2025

Asdo. Dona Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-; e as 3 abstencións do PP) da Comisión informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade celebrada en data 20-03-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

#### **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: grazas alcaldesa.

Ben, esta proposta ven da plataforma Sanidade Pública que presentamos cando acabamos o pleno do mes pasado, e agora mesmo xa tivemos unha reunión de todos os grupos menos o partido popular, coa plataforma e está posta en marcha toda a colaboración mais segue sendo importante presentar esta moción que a verdade é que cada dous por tres estamos vendo que o tema da sanidade ... que se están dando mais é moi importante quedarnos cos puntos que reclaman da plataforma e que nos convocan ademais a unha grande mobilización o vindeiro 6 de abril, domingo.

Un é máis investimentos nos recursos da sanidade pública, o rexeitamento á privatización e a mellora das condicións laborais dos profesionais sanitarios. Logo vai vir outra moción con respecto ao persoal de enfermaría.

E quédome co do rexeitamento a privatización porque aí ten moito que decir o mal que o está facendo o partido popular na Xunta de Galicia, porque coa aprobación da Lei de garantías de prestacións sanitarias seus colegas viron a oportunidade dourada para favorecer a sanidade privada e facer outra vez no, o público é servizo, o privado beneficio. E o que fixeron é que levan 12 anos derivando pacientes para a realización das ciruxías para facer probas complementarias ata o punto que hai ciruxías ou probas que xa non se están a dar practicamente na sanidade pública. Temos datos ao respecto desto porque seguro que agora veñen os do partido popular a traernos unha batería de datos que moitas veces están errados que o que non imos facer é o xogo perverso que eles fan porque na xestión da Consellería hai listas de agarda que para as persoas que facemos uso da sanidade pública que é casi o 100% na nosa poboación padecemos, no.

As persoas, por certo, que non son atendidas, que non queren ser atendidas na privada, pasan a unha lista negra sen ningún tipo de garantía nin dereito recoñecido. É máis, eses datos si que non os temos, incumplindo por certo, unha lei do Parlamento Galego na que se lle obriga a dar á oposición, que teñen que facer ese traballo de fiscalización, no artigo 9 do seu regulamento, a que lle teñen que facilitar esa información.

Esas listas cando unha persoa se nega a ser atendida na privada e tes o dereito a ser atendido na pública, pasas a unha lista negra da que eses datos permanecen ocultos, non só para nós, senón tamén para os profesionais sanitarios que non saben o que acontece con esas probas diagnósticas que están solicitando, por tanto, a privatización da sanidade, o negocio coa nosa saúde estanos saíndo moi caro aos galegos e galegas, e falan desas listas tamén, no.

Esta moción, xa digo, é unha moción da Plataforma SOS Sanidade Pública. Entón temos os datos, a finais do 2024, había 48.335 persoas agardando por unha ciruxía; 196.267 persoas por unha primeira consulta hospitalaria, e 113.606 persoas agardando por unha proba complementaria. Non redondo porque todas estas persoas teñen casos que teñen que ser atendidos na sanidade pública e hoxe non se está dando. Que dicir, no, desa atención primaria que no noso PAC cando pides cita no médico de cabeceira podes tardar máis de 1 semana, entre 1 semana e 2, subindo a media por certo galega, para poder ser atendido ou atendida.

Logo están as condicións das persoas traballadoras na sanidade pública. Aí están as enfermeiras que máis parece o Sergas a maior empresa ETT que ten o noso país que outra cousa, ou algo que a min me parece moi, moi, moi grave e que está afectando na vida da xente, que é que se lles están, según propios facultativos, prohibindo usar determinados fármacos a enfermos e enfermas con cancro. Polo seu custo, e reducir controis.

Esto é gravísimo, é gravísimo e o peor é que detrás estamos nós, están os nosos avós, están as nosas veciñas, están persoas con nomes e apelidos. E está habendo mortes evitables. En saúde mental, en enfermos con cancro, en ciruxías que se debía.... en tardar moitísimo nos diagnósticos porque se lles di na atención primaria que se derive o menos posible ás especialidades, está habendo mortes evitables e o Sergas ten que ser outra cousa, porque a sanidade pública é un dereito que temos todas as persoas que vivimos en Galicia. Todas. E nolo están quitando para beneficiarse 4 amigos do partido popular e os do partido popular coas súas portas xiratorias, e eso non se pode consentir.

-Sr.Ulla Rocha: grazas.

Bueno, outro ano máis se trae esta moción ao pleno e outro ano máis pois temos que ser neste caso, estes partidos, neste caso de esquerda máis vostedes, Terra Galega que apoiades esta moción. O certo é que precisamente que o contido é así, e agora mesmo é unha realidade, a sanidade pública que é a envexa, digamos, o noso sistema de sanidade público é a envexa doutros países pero por desgraza se está totalmente desmantelando, do que foi ao que é agora a verdade que é lamentable, que as listas de espera nas que se atopa, a falta das listas de espera para realizar probas.. e sobre todo, o cambio de política por parte do partido popular en relación a esa exclusividade que tiñan os facultativos médicos que poidan operar ou neste caso, traballar tanto na pública como na privada, e cando antes digamos, se lles penalizaba, cando agora por parte ... desa política liberal por parte do , neste caso do partido popular, pois non poden actuar, non poden traballar sen restricción.

Nós non estamos de acordo con eso, nós non estamos de acordo con estas políticas que están facendo o Partido Popular. Apostamos polo público e queremos que entre todos dixemos no seu día, unha sanidade pública, digamos, punteira, das mellores do mundo. Paso a paso e pouco a pouco o que se está facendo a día de hoxe ..as políticas que se están levando respecto á sanidade pois é un desmantelamento silencioso da sanidade pública. E por desgraza, algún día todos nos demos conta de que eso que tiñamos, xa non o temos.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr. Romero Franco ás 20:43 e volta ás 20:45´

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, en referencia a esta moción presentada pola plataforma que promove esta iniciativa lexislativa popular, é unha entidade fundamentada partidista que non ten interese algún pola mellora da sanidade pública senón que ten como obxectivo exclusivo atacar á Xunta de Galicia.



A moción parte de premisas erróneas. Nin houbo recorte na sanidade pública nin aumento na sanidade privada.

Imos a falar de antecedentes que ten a plataforma SOS Sanidade pública.

Esta plataforma está apoiada polos sindicatos e partidos de esquerda de cada territorio e ten, a nivel Galicia, un único voceiro: Manuel Martín García.

Este médico foi nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia polo goberno bipartito entre 2006 e 2009 e participou na elaboración do documento “Propostas de transformación da atención primaria en Galicia” publicado en febreiro de 2009 pola Consellería de Sanidade asinando un capítulo sobre os PAC (Puntos de Atención Continuada) coas seguintes conclusións:

¡Preocupantes por non dicir outra palabra as conclusións do ano 2009!

*A situación actual dos PAC en Galicia prestan unha atención de escasa eficiencia, son pouco resolutivos e provocan unha elevada ocupación de profesionais nun escenario de escasez dos mesmos que se sinten frustrados ante o escaso desenvolvemento profesional que poden desenvolver nestos dispositivos. Faise necesario realizar unha reforma en profundidade que produza unha redución do actual número de puntos, un menor consumo de profesionais e unha mellora da calidade asistencial.*

Martín compaxinaba naquel entón ese asesoramento ao bipartito proponendo pechar PACs coa presidencia dunha presunta plataforma en defensa da sanidade pública que, en realidade, defendía ao goberno ante as reivindicacións sindicais como ocorreu coa folga en atención primaria convocada en 2008.

Naquel momento, Martín apoiaba ao goberno:

*A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública emitiu un comunicado cuestionando os paros que convocan sindicatos co apoio dos colexios médicos, reduto tradicional dos sectores máis conservadores da profesión médica.*

*A entidade cuestiona incluso algunhas das reivindicacións dos facultativos, xa que sinala que a súa negativa a facer gardas con carácter obrigatorio choca cunha realidade na que non hai bolsa de médicos en paro, polo que esta petición abocaría ao sistema de saúde a pór en risco a asistencia á cidadanía.*

Curiosamente, a mesma asociación que defendía entón as gardas obrigatorias pola realidade de falta de médicos dispoñibles, ataca agora as medidas que toma a Xunta ante unha realidade constatada de falta de médicos nas listas de contratación.

Desde 2009, Martín e a súa Plataforma deixaron de ser tan compracentes co goberno autonómico e pasaron a ser feroces críticos de calquera medida adoptada en materia sanitaria da Xunta de Galicia.

Destaca a férrea oposición ao convenio asinado en 2015 entre o SERGAS e a Fundación Amancio Ortega, pola que esta financiou o importe duns contratos xa definidos pola sanidade pública para a adquisición de novo material de tratamento e diagnóstico do cancro como aceleradores lineais ou mamógrafos por valor de 16,8 millóns de euros.



Martín chegou a afirmar en televisión, que está aí na sexta as súas entrevistas, que estes aparellos eran innecesarios porque xa había moitos recursos que non se utilizaban por falta de persoal. Temos tamén algunha entrevista, na Voz de Galicia, temos na páxina do Sergas cargada de todo esto, no.

En novembro de 2021, o conselleiro de Sanidade revelou no Parlamento que os aceleradores lineais instalados a través desa compra financiada pola Fundación Amancio Ortega estiveran activos no 99% do seu tempo programado (polo que non houbo ningunha falta de uso) e que serviran para tratar a máis de 27.000 pacientes con 55 tipoloxías diferentes de enfermidades oncolóxicas mentres os mamógrafos realizaran preto de 300.000 probas. A isto se opoñían Manuel Martín e a súa plataforma.

En cambio, ante o anuncio do goberno de Sánchez de que financiaría a adquisición de novos equipos de protonterapia para o Sistema Nacional de Saúde cunha doazón de 280 millóns da mesma Fundación, nada tivo que dicir a Plataforma SOS Sanidade Pública nin Manuel Martín. Casualidades verdade?.

A Plataforma SOS intégrase a nivel España na chamada FADSP (Federación de Asociaciones en Defensa de la Sanidad Pública). Esta Federación, en cuxa directiva está o propio Manuel Martín, tivo tristemente célebres intervencións ao inicio da crise da COVID, defendendo que o perigo do virus se magnificaba por intereses económicos.

Sobre os recortes na sanidade pública e incrementos na privada co goberno do PP na Xunta, ambas afirmacións son falsas e poden desmentirse cos Orzamentos da Xunta.

O Orzamento do SERGAS aumentou un 45% en relación co que aprobou o bipartito para o ano 2009. E non se trata só de investimento en construción de hospitais (que tamén), senón que unha moi boa parte é investimento en persoal.

En relación ao 2009, os orzamentos en gastos de persoal aumentaron en 668 millóns de euros.

Así mesmo, nunca antes houbo tantos profesionais contratados (máis de 45.000, un 24,1% máis que en 2008, cando había 36.256): 7.500 profesionais máis traballando na sanidade pública respecto a cando gobernaba a esquerda:

- Media diaria profesionais en 2008: 36.256
- Media diaria profesionais en 2024: 45.002

Dende o ano 2018, o BNG dicía Sra.Olaia, que eran precisos 200 millóns de euros para salvar a Atención Primaria. Pois ben, dende ese ano xa se aumentou en máis de 450 millóns nos Orzamentos de Atención Primaria.

En canto á privatización, o Consello de Contas resalta que o gasto do SERGAS en concertos con medios alleos supuxeron un 4,7% do seu gasto real total. Durante o goberno bipartito esta cifra aumentou un 48% ata superar o 6% do gasto real total.

Ademais, na pasada lexislatura votouse no Pleno do Parlamento de Galicia unha resolución que dicía:

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o control sobre o gasto do SERGAS en actividade concertada con medios alleos, mantendo o gasto real neste*

*concepto en todo caso por debaixo do 6% do total do gasto real do SERGAS, tal e como o Consello de Contas acredita nos seus informes que leva acontecendo desde 2009”.*

Nin PSOE nin BNG apoiaron esta proposta. E todos sabemos por que. Porque vostede, o dixo aquí varias veces, creían que ían a gañar as eleccións na comunidade autónoma, entón loricamente ían a volver a aumentar os concertos como aumentaron no momento que estiveron gobernando. Esa é a realidade do que estaba pasando e do que vostedes pretendían.

-Sobre a xestión da Saúde Pública:

Galicia conta co cribado neonatal máis completo de España e o calendario vacinal máis completo do mundo. Polo tanto, poucas leccións cabe admitir dunha asociación satélite do BNG neste ámbito.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes novamente.

Primeiro, aclarar que Terra Galega fai moitos anos que forma parte desta plataforma e ten colaborado en moitísimas ocasións con traballos realizados por ela.

Como traballador de atención primaria, coñezo de primeira má todas as deficiencias, aquí o PP nos acaba de falar de cifras macroeconómicas de incrementos de inversión horribles, pero que non dan curso aos problemas que agora mesmo ten atención primaria.

Con experiencia particular, os vou a comentar que as listas de espera deste concello na primaria son de entre 10/15 días. Todos os días vexo discusións entre os PSXs e os pacientes que van a pedir cita porque os pacientes non entenden, e é difícil de entender, que eu se vou cunha patoloxía aguda me deriven para dentro de 10 días para que me vexa o médico de cabeceira. Creo que isto está funcionando mal, aínda que as cifras macroeconómicas, que nos acaba de dicir o portavoz do PP sexan astronómicas e se incrementaran moitísimo.....

Logo hai unha problemática moi grande que é a precariedade laboral. Eu teño colegas todos os días que os contratan por 3 días, 1 semana, algúns 15 días, se lles acaba o contrato, se lles volve a renovar. Isto pasa en primaria cos médicos, pasa coas enfermeiras e pasa cos PSXs, non hai estabilidade laboral de ningún tipo. É máis, hai prazas vacantes que levan 2 anos e 3 sen cubriren. Prazas vacantes que non se sacan a concurso. E a disculpa sempre é a mesma. E que non hai profesionais, pois si é que non hai profesionais o Ministerio, neste caso o goberno central, e a Xunta de Galicia, terán que buscarlle solución. Para eso están aí, é dicir, o Sergas ten a competencia na sanidade pública de Galicia. Pois o Sergas terá que buscar as solucións. O que non se pode é pretender que haxa traballadores para a sanidade pública cando se maltrata. A min se me fan un contrato cada semana, e despois estou un mes no paro e despois me volven a contratar unha semana...a primeira ocasión que teña de escaparme desa situación voume. Voume para Portugal, ou me vou para Alemaña, ou me vou para Inglaterra. Onde poida. Entón ese “maltrato” ocasiona tamén esa falta de profesionais.

Logo a atención primaria suponse que tiña que facer medicina de promoción da saúde, prevención; a demanda asistencial que temos agora non nos permite facer nada deste traballo.

Nada, é dicir, se a min me citan 50 pacientes diarios eu non podo facer prevención, nin promoción de saúde, nin facer educación aos diabéticos, nin aos... nada. Dame tempo a resolver o problema concreto nese momento e o máis rápido posible porque senón non salgo de alí ata as 7 da tarde como lle pasa a algún compañeiro, que empeza ás 8 da mañá e as 7 da tarde está sen comer e atendendo pacientes. E sen cobrar horas extras. Que por riba somos tan burros que traballamos para a administración pública sen cobrar.

Logo o tema de privatización: hai moitos anos e levo 38 anos traballando na sanidade pública, a concertada se tiraba dela en ocasións, máis ou menos, de demanda excesiva ou tal.... hoxe en día a concertada privada é total, todos os días. Eu hai 1 mes fixen un tac e tiven que ir ao hospital Juan Cardona, a facerme un tac. Ese tac podía facer perfectamente na sanidade pública. As máquinas están alí. Hai horas, moitas horas que non se utilizan. Podíase facer como decides vos “unha mellor xestión” dos recursos públicos e potenciar a sanidade pública en vez de mandar á concertada, onde ademais se dá a casualidade que traballan os mesmos que na sanidade pública. Co cal eses mesmos que están na privada, podían traballar na pública, se fan falta máis horas e cun presuposto por parte da sanidade pública, un pouquiño máis equilibrado.

Polo tanto, estas peticións, aínda que aí se fixo crítica dos creadores da plataforma, están totalmente actualizadas, e son deficiencias que a día de hoxe ten a sanidade pública e se non o queremos ver aínda que as partidas económicas, que nos fala o portavoz do PP, se incrementasen segue habendo as mesmas ou peores que hai uns anos.

Eu hai uns anos cando traballaba e collía as vacacións, a min me ía a substituír outro médico, non se estaba 1 mes sen médico, repartíndose entre os colegas todos os pacientes. Cada día un distinto, xa non lles digo nada daquela xente que está de baixa 1 ano, e os pacientes que están formando parte do seu cupo cada día os ve un profesional distinto. Co cal supón que non se entera do que ocultou o individuo hai 1 semana e aínda que está todo informatizado e se escribe, pero bueno, uns escribimos máis e outros escribimos menos. Non é o mesmo que vexa o mesmo profesional a ese paciente cada vez que vai a consulta.

Polo tanto, a sanidade pública hoxe en día funciona mal. E as reivindicacións que fai esta plataforma para min, están máis que demostradas.

E nada máis. Que imos a apoiar esta manifestación e imos a colaborar en todo o que nos pida esta plataforma pública.

-Sra. Ledo Díaz: houbo un momento, a verdade que tampouco oín moi ben, pero pensei que se estaba falando máis de Amancio Ortega que doutra cousa, o que é unha realidade é que Feixoo, sendo presidente da Xunta de Galicia cedeu a unha entidade privada máquinas donadas por Amancio Ortega para o tratamento do cancro. Esa á a realidade.

É moi fácil comprobar a compra de maquinaria de hospitais concertados de cousas que antes se facían única e exclusivamente na pública. Onde se fixeron os investimentos nos últimos anos e onde invisten porque saben que se van derivar aí.

É moi fácil falar de números e non facer matemáticas e vou decir unha cousa, cando chegou o PP a Galiza que, na seguinte xa non van estar, non se preocupe. O salario mínimo estaba polos 600 euros. Hoxe está nos 1.100. Os orzamentos daquela eran máis pequenos que os de agora, mais o que si podemos decir é que a sanidade hoxe, a inversión en concertos da privada, é escandalosa, é máis o que se paga a Povisa pola concesión equivaldría ao gasto que fai o Sergas na área sanitaria de Ferrol, a de Coruña, e a de Compostela xuntas. O que se lle paga a un hospital pequeno en Vigo. Pero claro, tamén podemos decir que esto non é menor que o sobre custo do hospital Alvaro Cunqueiro de Vigo, que é unha vergoña que estén trasladando enfermos de cancro de madrugada a Ourense porque non os poden atender, a Vigo e que os de Pontevedra tamén os están trasladando de madrugada, con todo o que leva eses tratamentos que estén levando a xente a Ourense de madrugada porque non poden deixar atendidos na sanidade pública e logo descubramos que hai un sobre custo de 470 millóns de euros na construción dese hospital. Así como non imos aumentar orzamentos? Así como non se vai aumentar orzamentos. Se lle están regalando o noso diñeiro e a nosa saúde ao beneficio dos seus amigos. Porque por certo, o hospital Alvaro Cunqueiro, cando chegaron vostedes porque era 100% público, e con xestión e con construción 100% pública, o primeiro que fixo o partido popular foi darlle unhas construcións e unhas constructoras, que por certo, teñen claro os vínculos co partido popular como está acontecendo agora con Altri. Eso é o que fixo ese sobre custo e ese aumento de orzamentos. As cousas que sexan claras. Eso é o que pasou nese hospital Alvaro Cunqueiro que levou a pechar outro hospital en Vigo.

E a situación agora é catastrófica. Ou sexa, foi unha decisión do partido popular para favorecer o negocio privado á conta do público, a conta do público. E agora que os orzamentos da Xunta son máis elevados, vostedes fan que en Galiza, que en Galiza os orzamentos da sanidade estén incluso por debaixo do que se inviste por habitante, no que se inviste por exemplo, na comunidade de Madrid, cando hai uns anos non era así.

E vostedes miren, as comunidades autónomas, as que máis invisten en sanidade e comprobarán que nós estamos na cola. Somos casi as últimas. Entón non me veñan aquí coas matemáticas ou a enganar cos números, cando a realidade a vemos todos e todas todos os días. Todos e todas todos os días. Porque nos afectan ou directamente, ou a un familiar, ou a un amigo, ou a unha amiga, etc.etc. e temos que comprobar como Feixoo cede cousas que lle dá este Amancio Ortega que pechou e levou á rúa a moitísimas traballadoras neste país que se dedicaban ao textil por certo, podemos falar un día tamén deso, e parecen vostedes aquí os axentes de Amancio Ortega como parecen os axentes de Altri.

Pero é que a realidade é que a plataforma SOS sanidade pública é unha plataforma cidadá conformada por moitísimas persoas a nivel individual, por organizacións políticas e que vai ter unha mobilización histórica. Igual é a maneira de conseguilo, porque outra cousa das que fixeron foi que os hospitais comarcais que eran hospitais, convertíronse en distritos e tiñan a desfachatez de estar decindo aquí, que se gasta moitísimo en sanidade pública cando pecharon o paritorio de Verín. E foi a mobilización neste caso, das mulleres sobre todo e do feminismo que conseguiu que se volvera a abrir ese paritorio. E agora coa mobilización se conseguirá que teñan que investir máis en sanidade.

Claro, nós pedimos que o 25% do orzamento de sanidade se destine a atención primaria. Vostedes iso tamén o rechazan. Pois miren ao veciño do carón. Temos o principado de Asturias que o 50% do seu orzamento vai destinado a sanidade pública. Aquí non o vemos nin de broma, nin de broma. Entón non nos fale de historias pasadas, non nos intenten enganar

porque antes en Galiza se destinaba unha cantidade moi elevada, e se estaba indo a xestión pública e cando se lles pediu por certo, que Povisa, agora está en mans de non sei cantas empresas de fondos buitre e os americanos o quixeron vender, se lles solicitou no Parlamento que o adquirise o Sergas e non quixeron. Non quixeron porque vostedes viven moi ben a costa dos demais. Eso é o que pasa na realidade.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a este, en contestación ao que falou o Sr.Ramos, algo está cambiando na sanidade pública porque é certo que agora chaman a algunhas persoas a facer mamografías, radiografías, resonancias ás 11 da noite, ás 6 da mañá, entón algo se está facendo, eh. Se están utilizando esas horas que están perdidas, como decía vostede, e vostede sabe que é así, no.

E referente a que nos guste ou beneficie a nosos amigos, creo que está confundida a Sra.Olaia, creo que os amigos son os de vostede, que está soportando en Madrid un goberno que está gastando o diñeiro dos nosos impostos en pisos francos, eso creo que lle corresponde a vostede tomar as decisións.

Mire, e sobre a sanidade pública en Galicia, é certo que Galicia ten fortalezas, eh. Galicia conta con unha rede de hospitais e centros de saúde altamente extensa e ben cualificados.

Conta cun número importante de profesionais sanitarios cunha preparación dun alto nivel, moi alto nivel. De feito, somos nalgúñas cousas número 1 no mundo. E agora mesmo temos máis de 45.000 profesionais diarios traballando na sanidade pública.

Sobre as inversións no orzamento da Xunta de Galicia, destinado a sanidade aumentou nos últimos anos unhas cifras considerables, ano 2024 se superaron os 5.100 millos de € dos orzamentos en sanidade.

E no ano 2025 hai un orzamento que supera os 5.430 millos de €.

É certo que o envellecemento da poboación galega aumenta a demanda de máis servizos sanitarios e ese é o motivo polo que se está sempre na procura de mellorar.

En resumen: A sanidade pública en Galicia ten fortalezas importantes.....

Somos conscientes que hai que seguir traballando sen descanso para dar os mellores servizos posibles aos usuarios do Servizo Galego de Saúde. Pero tamén é certo que sería moito máis positivo, se todos arrimáramos o hombro para facer un mellor servizo de sanidade pública de Galicia. Creo que ese debería de ser o camiño que deberíamos de tomar todos.

Nada mais e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. A verdade é que estar aquí a escoitar, eu non sei quen é Martín, non o coñezo, non teño ese pracer, non sei se pensaba dunha maneira ...agora pensa doutra, ou que logo cambiou, que igual aprendeu e modificou o seu discurso, non o sei, a realidade é

a que contaba neste caso, Ramos, doctor neste caso, o seu día a día. É dicir, é así. Non sei se eses datos que dá... a verdade é que o descoñezo, se se aumentou o 45%, se se aumentou o 48 porque dixo 2 diferentes, non o sei. E non o vou a poñer en dúbida, o que sei é que non chega e o que lle vou a ler é un whatsapp de alguén do centro de saúde de Narón, que vou a deixar ao marxe quen é esta persoa que di “ *estamos desbordados, hace ya mucho tiempo porque tenemos bajas sin cubrir y plazas sin cubrir. No hay substitutes y los que estamos.... ( non lle podo trasladar o emoticono que pon). El problema es que no hay personal médico substituto para cubrir esas plazas* ”.

Esa é a realidade do centro de saúde neste caso, de Narón. É a realidade, non lle vou a falar da miña persoal, que non coñezo nin sequera quen é o meu médico de cabeceira porque non teño o pracer de coñecelo porque cada vez que vou hai un diferente; é dicir, eso é o que estamos a demandar hoxe aquí con esta moción. É “apoiar esa atención primaria, máis atención hospitalaria, máis sanidade pública e quen o fai e dunha plataforma representada por cidadáns, véxase os que están aquí por exemplo, ou outros diferentes que o que piden é isto, nada máis, é dicir, nin política para riba nin que se é do BNG, se é de non sei qué, se ..... esto é o que se pide e isto é o que nos gustaría de verdade, aprobar hoxe por unanimidade. Por que? Porque é a realidade do noso centro de saúde. E é así, e non poña esa cara, quero dicir, eu o invito a que vaia ao centro de saúde e que lle digan... non no de Ferrol ou o de tal, o de Narón, que lle digan cal é a media da lista de espera por paciente, de verdade, que va alí e eu supero o que di el de 15 días. É dicir, no centro de saúde de Narón, hai de media uns 25 días de espera. E é así, é así.

E xa non lle vou a falar de verdade, da experiencia, neste caso da experiencia persoal e propia de verdade, porque me poño a chorar só de pensalo. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 A favor

PP: 6 En contra

BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

#### **14 °.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A DECLARACIÓN DA CORUÑA, SAÍDA DO ENCONTRO INTERNACIONAL DE MULLERES ELECTAS.-**

Visto o texto da seguinte Declaración Institucional que literalmente transcrita di:

“A Corporación Municipal do Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte Declaración Institucional para o seu debate en Pleno.

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os días 10 e 11 de decembro de 2024 celebrouse na Coruña o Encontro Internacional de Mulleres Electas “As Elixidas”, coa participación de representantes municipais de Brasil, Cabo Verde, Mozambique e Galicia. Dos traballos levados a cabo nas dúas xornadas do encontro, saíu a chamada Declaración da Coruña, na que se reflicte a realidade das dificultades e retos que aínda teñen as mulleres á hora de acceder a cargos públicos municipais.

Tendo en conta que durante este mes de marzo, e entorno aos Día Internacional da Muller, se fan especialmente visibles os chamados “teitos de cristal” que aínda manteñen a desigualdade



entre homes e mulleres, tamén no ámbito da xestión e representación política, se PROPÓN ao Concello Pleno:

1- A adhesión do mesmo á Delaración da Coruña do Encontro internacional “As Elixidas” que di o seguinte:

- Tendo presente a Declaración dos Dereitos Humanos (1948), a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979) e a Declaración e Plataforma de Acción da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller de Beijing (1995).
- Reafirmando o noso compromiso coa Axenda 2030 e os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (2015).
- Facendo fincapé no Obxectivo do Desenvolvemento Sostible 5 “lograr a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas”, e concretamente, na meta “asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderazgo a todos os niveis na vida política, económica e pública”.

#### COMO MULLERES ELECTAS

- Sabemos que os municipios, como as administracións máis próximas á cidadanía, teñen un enorme potencial para impulsar políticas e prácticas de equidade de xénero.
- Segundo ONU Mulleres, o nivel local é o nivel da esfera política máis masculinizada a nivel mundial.
- Somos conscientes dos obstáculos que dificultan a incorporación das mulleres a postos de liderazgo e responsabilidade política, mais continúan perpetuándose os roles de xénero, que afastan ás mulleres da esfera política.
- Estamos convencidas de que as propias mulleres somos as persoas idóneas para traballar e loitar pola consecución dos dereitos das propias mulleres, en calquera parte do mundo.

#### COMPROMETÉMONOS A

- Esixir medidas que garantan a igualdade real entre mulleres e homes no acceso a cargos de representación política a nivel municipal.
- Practicar a sororidade, non sendo cómplices e rexeitando os actos de misoxinia e discriminación contra as mulleres electas ou candidatas no desempeño das súas funcións polo feito de ser mulleres.
- Impulsar e apoiar políticas públicas de igualdade e equidade de xénero a nivel municipal para contribuír ao cumprimento dos Dereitos Humanos.
- Estreitar lazos de unión coas electas municipais dos países aquí representados para xuntas contribuír á consolidación dos dereitos políticos das mulleres.
- Convidar a todas as compañeiras electas de Galicia a adherirse á Declaración da Coruña.

2- Dar traslado deste acordo de adhesión ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como promotor deste encontro.

E visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade celebrada en data 20-03-2025 acordando facer desta proposta unha Declaración Institucional, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

Queda esta proposta como Declaración Institucional.

### **15 %- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O PROCESO DE CONTROL E MANTEMENTO DOS DESFIBRILADORES NAS**

**INSTALACIÓN DE USO PÚBLICO EN NARÓN.** -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina**, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**REVISAR EL PROCESO DE CONTROL Y MANTENIMIENTO DE LOS DESFIBRILADORES EN LAS INSTALACIONES DE USO PÚBLICO EN NARÓN**

El artículo 43.1 de la constitución española reconoce el derecho a la protección de la salud por lo que los poderes públicos tienen el deber constitucional de tutelar el establecimiento de medidas preventivas y prestaciones de servicios necesarios para la protección de dicha salud veamos el decreto 38/2017 de 23 de marzo por el que se regula el uso de desfibriladores externos fuera del ámbito sanitario.

En Galicia las enfermedades cardiovasculares constituyen uno de los problemas de salud más importantes, la actuación rápida y con medios idóneos condiciona el pronóstico en cuanto a la recuperación de la vida y minimizar las posibles secuelas.

Los programas de acceso público a los desfibriladores ha permitido la supervivencia de muchos ciudadanos y las principales organizaciones internacionales recomiendan el acceso público a ellos la Unión Europea ha señalado el día 16 de octubre como “Día de atención a la parada Cardíaca”.

En España se producen cada año más de 50.000 paradas cardíacas de las cuales 30.000 se producen fuera de los hospitales la mayoría entre las edades de 25 a 70 años ocasionando 4 veces más muertes que los accidentes de tráfico.

Por lo tanto se debe disponer de desfibriladores en instalaciones, establecimientos públicos, instalaciones deportivas o espacios deportivos no convencionales de uso público, otros espacios en los que se concentre gran número de personas. Disponer en todo momento de personal formado para el uso del mismo. Señalización en lugares visibles de los espacios cardioprotectidos. Los desfibriladores tienen una expectativa de vida limitada, obligando a la renovando aquellos que están obsoletos, realizar las revisiones necesarias y colocar la información de las mismas.

Por todo esto es crucial que el Concello de Narón cumpla con la normativa vigente en Galicia, que estable los requisitos para la instalación, mantenimiento y uso de los desfibriladores.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la corporación, a la adopción de los siguientes:

**ACUERDOS**

- 1- Hacer una revisión de aquellas instalaciones públicas dentro de Concello de Narón que tengan que disponer por ley de los desfibriladores.
- 2- Programar un mantenimiento de inspección y control de revisiones periódicas aconsejadas por el fabricante, para asegurar su correcto funcionamiento donde se registren las actuaciones realizadas a los desfibriladores como, sustitución de consumibles, Calibración entre otras.
- 3- Formar y capacitar al personal encargado del manejo de los desfibriladores, debe de recibir formación continua para mantener actualizados sus conocimientos y habilidades.

4- Identificar los locales con el distintivo “ESPACIO CARDIOPROTEGIDO”

Narón, 17 de marzo de 2025

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

## **DEBATE**

-Sr.Iglesias Blanco: buenas tardes.

El artículo 43.1 de la Constitución Española reconoce el derecho de la protección de la salud. Y los poderes públicos tienen el deber de tomar las medidas preventivas y los servicios necesarios para la protección de dicha salud.

En Galicia, las enfermedades cardíacas constituyen uno de los problemas de salud más importantes. Por ello, el uso de los desfibriladores ha permitido la supervivencia de muchos ciudadanos y la más importante es que organizaciones internacionales recomiendan el acceso público a los mismos.

En España, es verdad, se producen cada año más de 50.000 paradas cardíacas, y de ellas 30.000 se producen fuera de centros hospitalarios y la mayor parte en edades comprendidas entre los 25 y los 70 años en la cual nos encontramos digamos, casi todas las personas. A modo de comentario les diré que he escuchado de varias personas que han pasado un problema de salud grande no sólo cardíaco, que es lo que hoy nos ocupa, y todas ellas entre las cuales me incluyo dijeron lo mismo “*pensé que estas cosas sólo le pasaban a los demás y que a mi no me podía pasar*”. Vivimos ajenos a lo que nos pueda pasar. Qué tontos podemos llegar a ser! Por eso es importantísimo que el concello de Narón cumpla la normativa vigente en Galicia y si hoy estamos exponiendo esta moción, es porque existen lugares en este concello donde no se están cumpliendo todas las normativas, por eso pedimos que se revisen todas las instalaciones públicas donde deben estar instalados y sus dotaciones y distintivos.

Dichos desfibriladores tienen un mantenimiento y unas revisiones en las que se incluye entre otras, verificación de la carga de batería, estado de los electrodos, y pruebas de autodiagnóstico, y una dotación de desfibrilador con un mínimo de 2 juegos de parches siendo aconsejable un juego de parches para desfibrilación pediátrica y sistema de registro informatizado de los sucesos, maleta de reanimación con cánulas orofaríngeas de diferentes tamaños, resucitador con bolsa auto hinchable, rasuradora y gasas para garantizar el correcto uso del desfibrilador y tijeras.

Existe un mantenimiento con un servicio técnico especializado para reparar cualquier avería, llevar un registro de todas las incidencias y reparaciones realizadas en los desfibriladores. La vida útil de un desfibrilador es aproximadamente de 8 años. Por tanto, solicitamos que los desfibriladores que excedan esa edad, sean retirados y en su lugar instalados unos nuevos mucho más modernos que en caso de necesidad nos darán un mejor servicio porque con el tiempo el desfibrilador puede sufrir variación en la calibración. Por ello el proyecto salvavidas recomienda una calibración periódica de los equipos médicos, ya que con estas calibraciones se puede certificar el correcto estado de los sistemas integrados en el desfibrilador asegurando un buen funcionamiento del mismo.

Miren, yo les voy hablar de la práctica real. Yo tengo un desfibrilador implantado y cada vez que voy a la revisión del mismo me lo calibran para que en caso de necesidad, cumpla con la función para la que ha sido instalado.

Hemos escuchado muchas excusas como aquí que tenemos uno y nunca se ha usado. Mire señores, en caso por ejemplo, no renovamos los extintores cada año, y no ha habido incendio. Solo por seguridad y por la vida útil, no quiero ser pesado, eh, En caso de la formación tiene que ser continua, al personal, este tiene que estar al día en formación, no sólo teórica, si no que es muy importante hacer simulacros. También hay que substituir persona por persona los equipos por aquellos que se jubilen o cesen en el trabajo por el motivo que sea. Desde la humildad, que se habla mucho hoy, les quiero proponer un paso más, un plus, en Hermanos Froilaz se dan cursos de prevención de riesgos, añadir a estos cursos un curso sobre desfibriladores, para que se formen también en el uso de ellos que el día de mañana, esa gente que está formada, pueda ser útil a la sociedad con su conocimiento.

Otro tema y no menos importante es que cada local en que exista un desfibrilador tras la señalización y recomendación de ILCOR que se utilizaran los colores estandar establecido y por debajo de la señal, se colocará un recuadro aparte con la palabra DESA. Deberán seguir las condiciones definidas en las normas ISO. A parte la situación del desfibrilador deberá estar identificada debidamente precisando su localización en los planos y mapas informativos del lugar y la manera en qué dirigirse; porque cuando una persona pasa por un lugar poco a poco se le va grabando en su mente que en ese sitio existe un desfibrilador y si encuentra un problema cardíaco inmediatamente tendrá en su cabeza a donde tiene que acudir.

Así que les pido y esperamos que todos los grupos voten a favor de la vida, a favor del desfibrilador porque nunca se sabe, yo nunca pensé usarlo. Nunca se sabe quien lo puede usar mañana.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nós presentamos hai 2 anos unha moción con estas características porque é verdade, que nos locais sociais estaba a caixa pero non había en todos e non sei se é porque pasara a pandemia, ou se retirara por caducidade, bueno, ao final, solucionouse. Somos conscientes de que os puntos dos acordos que aparecen aquí estanse realizando, ou sexa, agora mesmo nos espazos públicos do concello de Narón, hai desfibriladores.. e temos que ser honestas, estase dando a formación pertinente, se identifican aos locais como espazos cardioprotexidos e ben, podemos considerar que houbera un punto se falase pois de promover entre distintos locais de hostalaría que se traballase neste sentido porque xa hai nalgúns bares ou nalgúns lugares como farmacias onde existen estes espazos. Isto non ven recollido nesta moción e a realidade hoxe é que estes 4 puntos xa están entón, bueno, nós no noso caso abstémonos porque non estamos en conta do que aparece, simplemente sabemos que se está facendo, entón é unha moción que a día de hoxe non chegamos a entender de todo.

-Sra.Hermida Rico: boas tardes a todos e a todas.

Nós iamos a pedir que se retirara esta moción porque como ben decía Olaia, esta revisión e esta formación se está facendo por parte das persoas encargadas neste concello pero de maneira sistemática, regular, planificada, que é algo habitual. Entón non lle vemos moito recorrido a esta moción, no, pero bueno, xa que a estamos tratando pois imos adiante, no. Pero mire, Narón ...

-Sra.alcaldesa: non sabemos si con esa aclaración se retira a moción ou no.....

*(Non se retira a moción)*

-Sra.Hermida Rico: bueno, pois... por levar un certo orde, no. Eu a verdade, esperaba un pouquiño máis tamén de dignidade política, no, porque como vostede sabe, foi despois da comisión onde se debateu esta moción, e 4 días despois de presentar o partido popular a moción a esta comisión, foi por varias instalacións a ver canto de verdade había nesta moción que vostedes mesmos presentaron antes. Home, o lóxico sería ir antes e se de verdade se detecta .. ou incluso preguntando se hai algunha cuestión mellorable pois facer unha proposta de moción, no.

Por outro lado, Narón foi pioneiro dende hai moitos anos en instalación de DESAs en espazos públicos. E polo tanto, en formación. A día de hoxe Narón ten 15 desfibriladores e 3 de reposto, no, que son movibles ou cando hai que cambiar algún, sempre hai algún dispoñible.

A formación, cando falan na súa moción, o único punto.. di *“facer unha revisión naquelas instalación públicas dentro do concello de Narón que teñen que dispoñer por lei”*. A lei non obriga a dispoñer de desfibriladores. A lei recomenda.

Cando di no segundo punto *“programar un mantemento de inspección e control de revisións periódicas aconselladas polo fabricante...”* o fabricante aconsella unha revisión anual. No concello de Narón fanse alomenos 1 revisión trimestral. Alomenos, e moitas veces bimensual. E ás veces incluso, mensual. Algo que duplica con moito porque sabemos a importancia. Eso non quita que se faga unha revisión dun desfibrilador e aos 4 días de facer a revisión falla o dispositivo. Ou algún elemento dalgún desfibrilador. Polo tanto, todo eso se está facendo pero de maneira habitual. Sistemática e programada.

Se cubre un formulario de 40 conceptos diferentes relativo aos diferentes elementos, partes e consumibles deses desfibriladores, quero dicir que é algo... non é cuestión de vontade política, é algo do día a día, casi casi que me parece incluso, por decilo suavemente, unha falta de consideración presentar esta moción por parte do partido popular cara os traballadores que están desenvolvendo este traballo de maneira normal e de maneira sistémica.

E despois falan de calibración: bueno, eu creo que non se calibran, penso que non é a palabra correcta. Os desfibriladores non se calibran, se lles miran os diferentes elementos e se substitúen ou se proban, ou se cambian ou se.... Pero calibrar como un aparato de medición, no.

E despois falan de domar e capacitar ao persoal encargado do manexo de desfibriladores, non hai persoal encargado, hai persoas formadas, os desfibriladores os pode utilizar calquera persoa, ten que chamar evidentemente, baixo unha supervisión médica ao 112, pero pódese dar o caso que nunha instalación non esteña unha persoa formada nese momento e pode facer uso outra persoa que esté alí, baixo esa supervisión. Entón non entendemos ... están todos coa sinalización obrigatoria que conleva e nós tamén acabamos agora tamén nese sentido dunha mellora pensando en que se podan ver por parte de todo o mundo dunha maneira pública e que se fan esas revisións, no. De feito, bueno, se acaba de instalar unhas pegatinas a modo de revisión como tipo extintores no, para que todo o mundo me entenda que non é obrigatorio, precisamente é para que a xente poida ver que eso existe.

Entonces polo tanto, presentar esta moción de verdade que nos parece que é un sinsentido porque é algo habitual, normal, programado, e que vai moito máis aló de todo o que di un fabricante. E todo o que se poida mellorar nese sentido estamos. E imos estar aí, pero non podemos facer unha revisión diaria, eu creo que unha revisión trimestral ou bimensual, cumpre con moito as expectativas que indica o fabricante. E nada máis, e recordar que o ano pasado se formaron neste concello máis de 350 persoas en DESA.

Nada máis. Grazas.



-Sr.Iglesias Blanco: bueno, Sra.Hermida, si le molesta que vaya a mirar los locales y mirar como están, es que trabajamos más que un día, estos días que trabajamos, miramos y comprobamos. No todo es oro lo que reluce. Ya le voy decir, hay muchos fallos en los locales. Puedo incluso citar un local donde he ido y no lo tenía y era obligatorio.

Los desfibriladores son obligatorios en los edificios públicos. Es obligatorio, según la Ley de la Xunta de Galicia. Los espacios cardioprottegidos. Y aunque no fuera obligatorio aunque fuera recomendable solo, nosotros estamos aquí para mirar por nuestros vecinos y vecinas. Yo creo que ya, sólo por eso, en vez de recomendable es obligatorio, que a mi si me recomiendan algo, automaticamente, tan importante y lo hago va por delante de todo.

Ese lugar al que yo me refiero, ese lugar al que yo me refiero, esa persona encargada si me dijo “sí, es verdad, lo voy a subsanar ..”

Lo que sí hoy pedimos en este Pleno es un informe por escrito. Aquí aparte no se cuestiona a los trabajadores que hacen su trabajo, estamos cuestionando los espacios destinados a desfibrilador si están bien, nada más, que cumplan. Que se cumpla con el propósito por el cual se han puesto allí o si se pueden mejorar. Aquí estamos para mejorar. No para empeorar. Y todo es mejorable en la vida. Todo. Y cualquier persona que haga su trabajo, que se preocupa por hacer su trabajo, no le importa que se le revise su trabajo.

A mi no me importa que nadie me revise lo que estoy haciendo, en absoluto. Si puedo mejorar mi trabajo, vamos, eso no tiene ninguna importancia.

Y los desfibriladores usted dice que no se calibran, yo le digo que sí. Y se lo digo por mi mismo, o sea, no estoy montando una película; usted, afortunadamente lo dice por oírlo, pero yo lo digo porque lo he vivido. Y lo vivo, sabe?

Lo que le pedimos en el informe por escrito es lo siguiente: lugares donde a día de hoy están instalados los desfibriladores, copias de las revisiones y mantenimientos, años de antigüedad de cada desfibrilador y lo digo porque en algún sitio algún desfibrilador tenía más de 10 años y reconocido por las personas que estaban allí. Y en algún sitio, hacía muchos años que no se les daba un curso. Fechas en las cuales se les hicieron por última vez los cursos a las personas designadas, las fechas. Y comprobar si existen las pegatinas homologadas a la vista de los vecinos. Por ejemplo, el desfibrilador del concello que está en unha esquina allí metido, y vas al Registro y no lo ves. A lo mejor debía estar en un sitio más a la vista. Más a la vista. Igual que tenemos los extintores a la vista.

-Sra.Hermida Rico: a moción non pide eso. A moción fala de revisión, de cumprir a lei e de formación. E todo eso se está facendo. Se a maiores quere pedir un informe, que fan os técnicos deste concello e que deciden os técnicos deste concello de cal é a mellor ubicación para colocar ese DESA, e despois recordarlle que a formación é voluntaria e non hai persoas encargadas. É voluntaria. O feito de colocar ou tomar unha decisión de colocar un DESA nun espazo depende que haxa voluntarios para facer a formación. Non se coloca un DESA se en ese espazo non hai voluntarios para facer a formación.

Entón o que pide a moción non é eso. O que imos votar hoxe aquí non é eso. A moción o que di é algo que se ven facendo de maneira habitual, programada, normalizada e que existen unhas revisións que xa lle recordo que é un formulario de 40 items diferentes para cubrir por parte das persoas encargadas. E que sempre intentamos mellorar. Pero nós non imos a decidir se o DESA ten que estar colocado nesta parede ou nesa parede. As persoas que se encargan precisamente da prevención pois dirán cal é a mellor situación para colocar ese DESA, con toda a información que conleve e con toda a información necesaria nese espazo visible. Nada máis. Moitas grazas.



-Sr.Iglesias Blanco: bueno, por eso pedimos que nos pasen esa información por escrito. Con todo esto que hemos hablado, de los puntos que atañen a la moción. De todas maneras la ubicación ... fíjese hasta en los supermercados ubican los productos que más venden lo más visible posible para que la gente compremos, para cuanto más un aparato que nos puede salvar la vida.

-Sra.alcaldesa: a verdade é que non ía decir absolutamente nada, pero só dúas cousas que dixo e que si que quero matizar, é dicir, temos aquí un que non sei qué, nós apostamos por esto, é dicir, están aí os datos. E evidentemente se os quere por escrito llos trasladaremos. É dicir, non hai ningún problema, como se quere incluso que lles demos .. que lles pasemos tamén unha fotografía.

O que decía Natalia, é dicir, é algo neste caso como comprenderá non se decide a nivel político se se coloca aí, ou se se coloca alí ou se se coloca tal.... No. E dicir, a nivel técnico se considera onde é a mellor ubicación e así se fai. Si que é vontade política porque como decíamos non son obrigatorios telos, porque cremos que é unha mellora que se fai e un... non sei como decilo, algo que se pon á cidadanía para que se poida utilizar. E eso si é unha decisión política, de verdade.

Que teñamos agora mesmo 15 colocados, que se vaian colocar 3 máis, é decisión política. Agora donde se colocan no. E como se fai a revisión tampouco. E se se calibra, se non se calibra, e facer neste caso, polo bo traballo que están a realizar as persoas que están a facelo. Créame que non o cuestionamos e tamén agradezo unha cousa que vostede decía que “teño unha información....”, de verdade eh, non espere a vir a este Pleno. Se vostede ve algo con respecto a este tema que está mal, que considera que non está colocado polo que sexa, sabe cal é o meu teléfono móbil, pásame esa información. De verdade, nos espere 1 mes, nin 15 días, nin 3 días para verme, agradézoo porque así podemos mellorar. Digo eu, si que é verdade que todo é mellorable, xa o decía antes, e se nos axuda, se ve algunha cousa mal en lugar de vir aquí a tratar de quitarnos as cores, se realmente todos estamos para mellorar Narón, agradezo que o faga e que non espere máis. Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 Abstencións

PP: 6 A favor

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A favor

**16 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á INSTALACIÓN DE CÁMARAS DE VIXIANCIA NAS INMEDIACIÓNS DO PASEO DE XUVIA.**

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**Do grupo do PSdeG-PSOE “INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á INSTALACION DE CÁMARAS DE VIXILANCIA NAS INMEDIACIÓNS DO PASEO DE XUVIA”.**

**EXPOSICION DE MOTIVOS:**

Ante os recentes actos vandálicos acontecidos nas inmediacións do Paseo de Xuvia, faise necesario implementar medidas que garantan a seguridade dos cidadáns, a protección do

espazo público e a disuasión de condutas delituosas. Por iso, atópase xustificado a instalación de cámaras de vixilancia na devandita zona.

Nas últimas semanas, rexistráronse varios actos de vandalismo no Parque de Xuvia, incluíndo danos a mobiliario urbano. Estes feitos non só xeran unha deterioración da contorna, senón que tamén afectan a sensación de seguridade dos veciños e visitantes.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

### **ACORDOS:**

- 1.-** Instar ao goberno municipal á elaboración dun plan de actuación de mellora da seguridad do Paseo de Xuvia que contemple entre as medidas a adoptar, a instalación de cámaras de vixilancia disuasorias.
- 2.-** Instar ao concello a reunirse coa AV Altea de cara a abrir un proceso de escoita no barrio de Xuvia de cara a ter propostas que reduzan o vandalismo na zona e que implique aos veciños e veciñas na vixilancia e coidado como parte activa.
- 3.-** No caso que a estratexia aprobada polo concello considere a instalación de cámaras no paseo de Xuvia, facelo sempre que se conte cun informe previo da Axencia Estatal de Protección de Datos que permita protexer aos e ás menores do parque infantil e paseo da auga.

Narón a 17 de marzo de 2025.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE”

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de PP e PSdG-PSOE; e as abstencións de TEGA -2- e BNG) da Xunta de Portavoces celebrada en data 24-03-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

### **EMENDA SUBSTITUCIÓN PSdeG-PSOE**

Doña Silvia María De Arriba Fernández, voceira Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **ENMENDA DE SUBSTITUCION :**

Emenda á Proposta de **INSTALACIÓN DE CÁMARAS DE VIXILANCIA NO PASEO DE XUVIA**

Instar ao goberno municipal á elaboración dun plan de actuación de mellora da seguridad do Paseo de Xuvia que contemple entre as medidas a adoptar, a instalación de cámaras de vixilancia disuasorias.

### **EMENDA PRESENTADA POLO BNG**

Desde o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda de substitución á moción do PSOE sobre a **instalación de cámaras de vixilancia nas inmediacións do Paseo de Xuvia**.

**A nosa emenda pasaría por substitución dos acordos da moción polos seguintes, polo que quedaría da seguinte maneira:**

- 1.- Instar ao concello de Narón a deseñar unha estratexia entre diferentes axentes que reduza o vandalismo no espazo público de Narón
- 2.- Promover unha campaña que fomente o uso positivo do espazo público e reforzar actividades para a mocidade deportivas, culturais e sociais.
- 3.- Instar ao concello a reunirse coa AV Altea de cara a abrir un proceso de escoita no barrio de Xuvia de cara a ter propostas que reduzan o vandalismo na zona e que implique aos veciños e veciñas na vixilancia e coidado como parte activa.
- 4.- No caso que a estratexia aprobada polo concello considere a instalación de cámaras no paseo de Xuvia, facelo sempre que se conte cun informe previo da Axencia Estatal de Protección de Datos que permita protexer aos e ás menores do parque infantil e paseo da auga.

### **DEBATE**

-Sr.Ulla Rocha: non aceptamos o punto 1 e 2 do BNG..... pero si o 3 e o 4.

Quedaría así: quedando a nosa emenda como punto 1 e respecto do BNG se aceptarían os puntos 3 e 4, que serían o punto 2 e o punto 3 da nosa moción.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr. Portela Parga ás 21:28´e volta ás 21:30´.

-Continúa o Sr.Ulla Rocha: antes de nada explicar ao Pleno.. cando se nos presentou a emenda por parte do BNG os 4 puntos, temos que agradecerlo, si que detectamos que a nosa moción si que adolecía digamos, dese complemento formal que tiña que ter e non aceptamos o punto 1 e o punto 2 porque estamos falando da zona de Xuvia. É ben certo que podía encaixar perfectamente o punto 1 e o punto 2 da emenda do BNG na nosa moción, pero como a queremos concernir só e exclusivamente para o paseo de Xuvia que é onde se produciron eses actos vandálicos, cremos que resulta máis axeitada que se mesturase tanto a nosa “auto emenda” máis o engadido do BNG para que quedase digamos unha moción moito máis completa.

Bueno, xustificando e aclarado este punto, eu creo que a moción xustifícase sola, xustifícase sola polo coñecemento dos feitos que acaeceron a finais de febreiro e a principios deste mes, pois no paseo de Xuvia.

Pero si imos un pouquiño máis alá pois puido ser digamos, máis noticiable ou máis grave o que aconteceu precisamente recentemente, pero non esquecemos que xa é con carácter periódico que se producen estes actos vandálicos precisamente nas luminarias do paseo de Xuvia.

E vimos con esta moción, é unha chamada de atención precisamente ao seu goberno Sra.Ferreiro, ao fin e ao cabo que se tome medidas para que na medida do posible que se

garante que esto non aconteza. Nós propoñemos por exemplo, a instalación de cámaras, ben é certo que loxicamente tense que axustar á normativa e sobre todo eu.. digamos que estivemos indagando pois si que sería bo que dende a asociación de veciños de Altea, pois que se dea traslado e que se fóra coparticipe digamos dese plan, porque neste caso non podemos ter alí á Policía as 24 horas porque sería un custo excesivo para as nosas arcas, pero si que podemos compaxinar esa labor pedagóxica ou incluso máis alá, en función do que puidera estar, por suposto, a asociación de veciños pois a participar digamos, desa vixía.

Polo tanto, consideramos que esa moción debe de ser asumida ou aceptada polo conxunto deste pleno porque non vexo que haxa ningunha crítica, non vexo que haxa nada reseñado negativo con respecto a ningún dos que estamos hoxe aquí, penso que é en positivo e se constrúe esta moción precisamente para sumar entre todos, que esto non volva a acontecer. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: bueno, agradecemos que entendense o noso contido dos nosos 4 puntos, sí que nos parece importante, nós o que reclamamos no primeiro punto é diseñar unha estratexia de diferentes axentes que reduzan o vandalismo no espazo público de Narón porque a realidade é que Xuvia é un barrio tranquilo para vivir, acontecen cousas no paseo como acontecen noutros sitios e ás veces, desprazando eses actos vandálicos ou que se fan noutro lugar, máis tamén temos que atendelo como o que son, que son situacións puntuais que hai que denunciar, que hai que combatir e non creíamos que no pleno cando falamos de ter humildade, que nos puideramos decidir directamente unha partida orzamentaria de instalar unhas cámaras nunha zona onde por certo, hai un parque infantil e aí hai unha lei de protección de datos do menor, e que puideramos decidir directamente sen ter en conta as diferentes áreas que hai neste goberno, neste concello coa Policía, bueno, con diferentes axentes que son os que saben desto e sobre todo, estudar tamén outras alternativas que se dan noutros concellos e que están sendo exitosas. Nós o que temos claro é que canto mellor se traballe o espazo público, se ilumine e se atendan con diferentes ofertas culturais, máis difícil é que haxa estes actos vandálicos. É dicir, que canto mellor vivimos, mellor vivimos todos e todas, se non se producen todas estas cousas que todos repulsamos.

Ademais fíxenvos unha enquisa así a pé de rúa no parque, e teño que decir que todo o mundo pensaba que era máis un problema de instalación de cámaras que a propia non instalación ou quero poñer un parte máis que non se solucionaba o problema. E nós cremos sinceramente dende o bloque nacionalista galego, que o incivismo debe combatirse coa educación e seguranza mais o que me refería “instalar cámaras” porque o efecto é ... na disuasión, poden ter un efecto disuasorio en certos casos mais bueno, os actos vandálicos soen ser cousas impulsivas e onde se creen que non serán vistos, no momento que hai unha cámara pois te desplazas a outra parte e punto. Hai que acotar o problema doutra maneira e non desplazalo, no.

A identificación ao final nas cámaras é difícil, e os custos de mantemento nun parque ademais coas características e creo que gozamos todas e todos como é o paseo de Xuvia, sería demasiado elevado. E ademais repito a privacidade dos nenos e nenas que alí están. Os parques infantís son espazos onde as crianzas exercen o seu dereito ao xogo na intimidade e a instalación de cámaras pode ser unha intromisión innecesaria a eso, por eso agradecemos que se poña que “no caso de instalación de cámaras se o decide esa estratexia do concello no paseo de Xuvia, facelo sempre que conte cun informe previo da Axencia estatal da protección de datos, que protexa aos menores e ademais consultando esto de maneira oficial, dixéronnos cuns baños públicos nun parque, non pode ser grabados nin dende fóra porque aí hai intimidade para poder acceder a eses baños, non só o que pase dentro.

Entonces unha vez máis cremos que os actos vandálicos puntuais e que se denunciaron nese paseo non se resolverían, no. E volvemos a insistir neste pleno tocou así e no espazo público no, e mellorar a iluminación é importantísimo e vale para disuadir o vandalismo; é algo que se fixo en Pontevedra, en Carballo que ten características similares a Narón en moitos sentidos; se está facendo agora na cidade de Lugo, facer un deseño urbano disuasorio e logo promover actividades para a mocidade e para a sociedade en xeral deportivas, culturais e fomentar o uso positivo do espazo público. É máis, implicar aos veciños e veciñas que se van implicar mesmo na vixianza e coidado do parque dunha maneira eficaz e para previr estes actos.

Nós cremos que eso é importante antes desa instalación de cámaras mais insistimos, agradecemos que engada as emendas que nós reclamamos entre a que consta “reunirse coa asociación veciñal de Altea e tamén a elaboración dun plan de adaptación e mellora e tamén insistimos, non cremos que só se teña que dar en Xuvia, ao final Narón é de todos e todas, e teremos que ter un plan de actuación para o conxunto do noso concello e para o conxunto de Narón. Pero ben grazas, e estamos ledas e ledos de conseguir que collades as nosas inquietudes.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, en relación a esta moción que faláramos na xunta de voceiros, nós imos a votar a favor e creo que a emenda que acaba de meter o partido socialista, creo que acerta plenamente e esa é a nosa idea no, de que hai que facer un plan de actuación e ver cales son as posibilidades de colocar cámaras ou outro tipo de sistema disuasorio para que a xente teña conciencia de conservar o mobiliario público e sobre todo, é necesario de que haxa esa conciencia de que o pagamos todos e que a todos nos custa por suposto, as actuacións que se teñan que facer. Nese sentido, nós imos a votar a favor. Nada máis.

-Sr.Romero Franco: xa que estamos agradecendo, pois agradecemos cunha moción que se trouxo o luns a portavoces e se debateu, pois cambie no momento que se vai a debater no pleno radicalmente, e non teña nada que ver coa moción inicial que se trouxo a Xunta de Portavoces. Incluso por facer alusión á última declaración do voceiro do PP, que manifestando o seu voto positivo de poñer as cámaras en Xuvia, agora di que é un acerto que cambiarades esa iniciativa de poñer as cámaras porque realmente non é unha boa decisión e así e todo e a última hora en pleno debate sobre a moción.

Dito esto, Narón é un sitio seguro. Non o decimos nós, os índices de delincuencia que manda o Ministerio, pois lóxicamente indica que a delincuencia é mínima e cada vez é menor no noso concello. Lóxicamente se deron unha serie de actos vandálicos que o feito da publicidade que por parte do concello se quixo dar, que non só foi no paseo de Xuvia, senón que foi tamén en Piñeiros pois dalgunha forma informar á cidadanía de por que había eses destrozos, e un pouco tamén axudar ou solicitar que se algún veciño ve algo, se poida denunciar e poida axudar a que eso non pase. Lóxicamente e practicamente a diario hai unha comunicación por parte do concelleiro e por parte do xefe da Policía, e neste caso a Alcaldía, de cada unha das cuestións de seguridade que pasa neste concello; e lóxicamente en función das necesidades se van desenrolando eses plans estratéxicos para cubrir as necesidades deste concello; non só dende a Policía local senón tamén en reunións permanentes coa Policía nacional, que tamén xogan un papel importante. E polo tanto, si, creo que si, vamos .... Creo que si porque antes estabamos convencidos en decir que non ás cámaras pero a verdade é que non sei se é mellor facer un receso ..... pero creo que si, creo que si que imos a votar a favor.



-Sr.Ulla Rocha: bueno, pois grazas. Aparte creo que é a única que vai por unanimidade de todos. Ah, hai a Declaración Institucional, é verdade. Podíamos facer declaración institucional. A política ten que ser así, me refiro, non pode facer unha fotografía un luns porque cambian as circunstancias o xoves. Refírome, cando o BNG presenta hoxe a moción, analizámola, vemos que ten puntos que ten razón, fíxate o que digo Román, porque igual é unha palabra que non entra dentro do teu vocabulario, temos a humildade suficiente para ver que ao mellor, erramos e aprendemos e o que facemos é subsanalo polo ben da veciñanza de Narón. Dígoo por se algún día o ves factible .... Bueno, por non crebar esta cordialidade que polo menos..... grazas a todos e a todas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que ao Sr.Romero gústalle moito dar a volta e decir as palabras que lle interesa decir. Votamos a favor e parece que lle molesta que votemos a favor. E nós falamos de que había que buscar os sitios e as autorizacións para colocar as cámaras. E votamos a favor que somos conscientes que hai que buscar alternativas e que ten que ser seguro. E como dixen antes, o mobiliario público é de todos. O pagamos todos, entón polo tanto, temos que buscar solucións alternativas para que non siga ocorrendo o que ocorreu en Xuvia, ou noutros lugares. O que pasa é que oíe, creo que aquí estamos para atendelos. .... eso é o que pasou, a vostede non lle gusta claro, porque ao mellor prefería que fóra noutra dirección. Nada máis.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

**17 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO QUE PERMITA A AMPLIACIÓN DA LIÑA DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS XG-642 DENDE O MERCADO DE SAN XULIÁN AO CONVENTO DE BALTAR, NO VAL..** -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

**“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO QUE PERMITA A AMPLIACIÓN DA LIÑA DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS XG-642 DENDE O MERCADO DE SAN XULIÁN AO CONVENTO DE BALTAR, NO VAL**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O transporte público de viaxeiros ten que contribuír a solucionar as necesidades de mobilidade da cidadanía, proporcionar unha maior conectividade, permitir que os usuarios do transporte público teñan un servizo apropiado co compromiso dunha mobilidade sostible e garantindo a mellor funcionalidade das liñas programadas para os operadores.

Coa idea de que o transporte público nunca é suficiente, e sendo o método máis ecolóxico para os desprazamentos que necesitan as persoas, é certo que a Xunta fixo unha serie de inversións, aínda que segue a ser necesario avanzar, de xeito que se continúe a mellorar o servizo, tendo en conta as consideracións das persoas usuarias, así como das administracións.



Este grupo municipal considera necesaria a modificación da liña XG-642, que presta servizo dende o Mercado de San Xulián ata o Convento de Baltar, no Val, así como o percorrido inverso, con saída dende o Convento de Baltar cara ao Mercado de San Xulián.

A veciñanza da zona, primeiros usuarios do servizo, teñen posto de manifesto que se podería mellorar o itinerario da liña de autobús XG-642 á que se fai referencia neste documento de xeito que se beneficie a un maior número de persoas usuarias e, consecuentemente, se mellore o servizo.

A proposta que queremos someter á consideración do Pleno do concello, e manifestada pola veciñanza de distintos lugares polos que transcorre a liña en Narón, é a solicitude á Dirección Xeral de Mobilidade para que considere unha modificación da ruta no sentido que se indica deseguido:

Na rotonda da estrada AC-116 coa DP-5408 o autobús viraría á esquerda para incorporarse á Estrada da Fraga e facer a mesma ruta que o transporte escolar, aproveitando as súas paradas, para seguir por esa estrada ata chegar o cruce coa estrada Aldea Modia, incorporándose por esta ata Aldea Cucheiro, para chegar ao Convento de Baltar, dende onde continuaría pola estrada local denominada “Riobo Aldea Baltar” ata chegar o Camiño do Acarbado, onde viraría a dereita polo dito camiño ata chegar de novo á AC-116, virando á dereita para continuar pola AC-116 en dirección á Cooperativa do Val, Centro de Saúde, etc e continuar o seu percorrido habitual.

Polo exposto, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación, a adopción dos seguintes

### ACORDOS

**PRIMEIRO.-** Instar á Dirección Xeral de Mobilidade a facer un estudo da proposta presentada onde se valore a modificación da ruta no sentido indicado neste documento, isto é:

Na primeira parte, na rotonda da estrada AC-116 coa DP-5408, o autobús viraría á esquerda para incorporarse á Estrada da Fraga, continuando ata o cruce coa estrada de Aldea Modia, incorporándose por esta ata Aldea Cucheiro, para chegar ao Convento de Baltar.

Na segunda parte, dende o Convento de Baltar, continuar por Riobo Aldea Baltar e polo Camiño do Acarbado ata a incorporación de novo á AC-116.

**SEGUNDO.-** Instar á Dirección Xeral de Mobilidade á elaboración dun estudo sobre os horarios máis recomendables para o cambio da ruta do transporte de viaxeiros, na primeira parte do modificado, conforme ao contido desta proposta.

**TERCEIRO.-** Dar traslado a dirección Xeral de mobilidade dos acordos da presente moción.

Narón, 18 de marzo de 2025

Germán Castrillón Permy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular”

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces celebrada en data 24-03-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Presentamos esta moción para solicitar á Dirección Xeral de Mobilidade a realización dun estudo que permita a ampliación da liña de transporte de viaxeiros XG-642 dende o mercado de San Xulián ao convento de Baltar, no Val, así como no recorrido inverso.

O transporte público de viaxeiros ten que contribuír a solucionar as necesidades de mobilidade da cidadanía, proporcionar unha maior conectividade, permitir que os usuarios do transporte público teñan un servizo apropiado co compromiso dunha mobilidade sostible e garantindo a mellor funcionalidade das liñas programadas para os operadores.

Coa idea de que o transporte público nunca é suficiente, e sendo o método máis ecolóxico para os desprazamentos que necesitan as persoas, é certo que a Xunta fixo unha serie de inversións, aínda que segue a ser necesario avanzar, de xeito que se continúe a mellorar o servizo, tendo en conta as consideracións das persoas usuarias.

Despois que distintas persoas da zona, que en varias ocasións nos solicitaran a necesidade de facer unha modificación da liña XG-642, que presta servizo a parroquia do Val, dende o Mercado de San Xulián ata o Convento de Baltar, así como o percorrido inverso, con saída dende o Convento de Baltar cara ao Mercado de San Xulián.

Este grupo municipal considera necesario dar traslado a este pleno da proposta solicitada pola veciñanza da zona, primeiros usuarios do servizo, para mellorar o itinerario da liña de autobús XG-642 á que se fai referencia neste documento, de xeito que se beneficie a un maior número de persoas usuarias e, consecuentemente, se mellore o servizo.

A proposta que queremos someter á consideración deste Pleno do concello, e manifestada pola veciñanza de distintos lugares polos que se propón o modificado da liña no Val, en Narón, é a solicitude á Dirección Xeral de Mobilidade para que considere unha modificación da ruta no sentido que se indica de seguido:

Aproveitando a actuación coa construción da glorieta na estrada AC-116 coa a estrada DP-5408 e da estrada da Fraga, (no coñecido cruce da Concha) mellorando considerablemente a seguridade vial nesa zona, o autobús podería viraría á esquerda para facer a mesma ruta que o transporte escolar, aproveitando as súas paradas, para seguir por esa estrada da Fraga.

Polo exposto, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación, a adopción dos acordos que deu lectura o Sr.Secretario. Nada máis e moitas grazas.

**INCIDENCIA:** Sae ás 21:46´a Sra. De Arriba Fernández e volta ás 21:50´

-Sra.Ledo Díaz: ben, votaremos a favor porque se insta a un estudo. E tamén decimos que consultando á veciñanza dun e doutro lado, non entendemos moi ben o que se propón na exposición de motivos e o explico eh; e o explico perfectamente porque a estrada da Fraga no Val si, e o camiño do Vento non, por exemplo; porque se pasa pola estrada xeral e aumentamos as liñas que cruza no medio á parroquia, está ben, pero aquí o que se fai é poñer

unha serie de lugares que din vostedes que preguntaron, pero que temos claro que non lle preguntaron por este trazado á xente de lugares de Carballeda, Redondo, río de Cortes, Santa Margarida porque están do outro lado e quedaríalle moito máis lonxe esas liñas que o PP está presentando. E aquí entónces que imos facer cidadáns de primeira e segunda? Para nós son todos de primeira, eh. Teño que decilo, entónces sorpréndenos que se faga un trazado que a parroquia do Val vaia para un lado, e que esta parte toda quede un pouco abandonada, pero xa decimos, estase instando á Consellería a que faga un estudo, ou sexa, que aí se poderá entendendo se se chega a facer as propostas necesarias e quedome coa frase de Germán Castrillón, e vouno tomar de maneira constructiva que dixo que “o transporte público nunca é suficiente”. Entónces espero que non llo sigan a regalar a Monbus que xa hai sentenzas xudiciais en contra e que por fin, en Narón e no resto do país hai unha plataforma que dirán que está politizada nesta comarca, porque adocemos dun transporte público en condicións e vai aos seus amigos da Xunta de Galiza do partido popular e lle digan que o transporte público nunca é suficiente. Encantadas quedamos.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr.Santalla Borreiros ás 21:51 e volta ás 21:53

-Sr.Romero Franco: ben, para o goberno de Narón calquera proposta que supoña unha mellora do transporte público no noso concello é benvida. No que respecta á liña que une o Val con Ferrol, cando entrou en funcionamento o novo contrato de transporte, esta viña marcada só ata a cooperativa e foi a través dunha xestión do concello coa empresa concesionaria coa Xunta, que se conseguiu prorrogala ata Baltar para dar un servizo á veciñanza dentro dos límites que permitía o dito contrato.

De todas maneiras nós apoiaremos sempre calquera mellora, gustaríanos que dende a Xunta se tivese maior sensibilidade neste tema coas demandas que chegan dende a veciñanza. Hai uns meses foi presentada unha solicitude de máis de 400 sinaturas para a mellora do transporte público no entorno das vivendas de Amenadás en Freixeiro, recibindo unha negativa a calquera cambio por parte da Xunta.

Tanto por escrito como en persoa a través da delegada territorial de Ferrol a unha representación da veciñanza da zona.

Dito isto, benvida sexa a proposta e ogallá teña acollida positiva por parte da Dirección Xeral de Mobilidade.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra. alcaldesa.

Bueno, nós facemos esta proposta porque consideramos que é importante e que ademais é unha forma de poder modificar un pouco o recorrido que habría máis persoas que poderían utilizar esta liña,e sobre todo na parte final onde pedimos a aprobación antes de dar un xiro, do convento de Baltar que siga pola estrada Riobo Aldea Baltar e a continuación por o Camiño A Carbado para incorporarse outra vez á AC 116 que está .... Marinito e aproveitamos todas as paradas de autobús que hai xa polo transporte escolar. E isto é un avance se conseguimos que se modifique isto para continuar traballando en melloras de servizo de transporte público.

Dende logo nós sempre consideramos que é importante ir avanzando, por eso facemos esta proposta e se votan todos a favor, pois agradecemos que nos voten a favor e que é unha parte importante para seguir avanzando no tema do transporte. A proposta .. hai moita xente que nos pediu dende hai tempo ese modificado, que se fixera esta proposta e loxicamente creo que hai que traela ao Pleno para que o pleno e o goberno de Narón, faga a proposta esta e a amplie á Dirección Xeral, para que esta tome as decisións oportunas ou as que correspondan. Pola nosa

parte nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: .... dixen no seu momento que por onde pasaría sería por Carballedas e Redondo pero por Santa Margarida no, aínda que non se escoite moi ben, que hai un pitido, que o saibades.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

